

# andaina



-Hoxe veñen teus pais  
a xantar?

-mmmhh...



# andaina 46

## SUMARIO

- 3 Editorial
- 4 Denuncias e comentarios
- 8 Presentación do número 45 de Andaina
- 10 Presentación do libro *A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas*
- 12 8 de marzo
- 14 Manifesto de HETAIRA (Colectivo en Defensa dos Dereitos das Prostitutas)
- 15 Manifesto Grupo Estudos de Política Criminal
- 16 Máis mulleres, pero... máis poder?
- 18 Celebrémonos mulleres! Dez anos da Asociación Mulleres Cristiás Galegas
- 20 Muller e precariedade laboral
- [Entrevista] 26 A secretaria xeral de AMMAR visita Galiza
- 31 De oficio... puta
- [Entrevista] 34 Françoise Collin
- 43 O neocaciquismo caciquismo (2ª parte)  
Caciques auténticos e falsos
- 46 Sobre toponimia urbana. Mulleres na rúa
- [Libros] 50 Notas para a reflexión en relación á violencia de xénero
- 52 Elvira e a arte da malla
- 54 *Las mujeres, que leen, son peligrosas*

Revista Galega de  
Pensamento Feminista

Primavera, 2007

Apdo. 1058  
Santiago de Compostela

[www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org)  
[andaina@andainamulleres.org](mailto:andaina@andainamulleres.org)

### CONSELLO DE REDACCIÓN

Ana Arellano, Nanina Santos,  
Milagros Becerra, Felicia Estévez,  
Pilar Pérez Rey, Laura Gómez Lorenzo,  
Nadia Álvarez Fernández,  
Patricia Arias Chachero,  
Celia Balboa Guerra e  
Raquel Barreiro Paz

### COLABORAN NESTE NÚMERO

Ana Arellano,  
Comisión Organizadora da Xornada,  
Natividad López Gromaz,  
Zélia García, Montse Neira,  
Alba Rodríguez Saavedra,  
Laura Gómez Lorenzo,  
Áurea Sánchez,  
Patricia Arias Chachero,  
Celia Balboa,  
Anna Amorós Pons e  
Raquel Barreiro Paz

### DISEÑO GRÁFICO

CEBRA

### IMPRIME

Grafisant, S. L.  
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente  
coas opinións dos artigos que aparecen  
nesta revista



# EDITORIAL

**O comportamento sexual das mulleres segue inspirando xuízos que evidencian ideas rancias e discriminatórias.** Hai sectores que desde distintos puntos de mira veñen expresar a súas conviccións de que o exercicio voluntario da prostitución é inadmisibile. Antes os argumentos eran simplemente sexofóbicos: a prostitución é un mal porque o sexo é un mal excepto cando se redime no matrimonio e con fins reprodutivos, aínda que se impulse e tolere –casas de tolerancia– baixo o subtil veo da hipocrísia.

Hoxe, fóra da xerarquía da Igrexa católica, practicamente ninguén usa estes argumentos, porén a identificación e o uso de *puta* tan comunmente dirixido a muller que exerce a súa sexualidade máis libremente que a media, é un paradigma dos cercos e pastores eléctricos que a sociedade segue usando para controlar ás mulleres.

É un sector do feminismo o que ten impregnado cos seus argumentos a diversos sectores sociais ou mesmo o que proporciona coartadas a quen non se atreverían a dicir o que realmente pensan para se opor á prostitución voluntaria. Identificación de prostitución con escravitude, a non distinción e separación entre prostitución forzada, que debe ser perseguida, da prostitución voluntaria (que, ao cambio, viría ser o mesmo que chamar violación ao sexo consentido) e o distinto ton ao falar de explotación sexual e de outras explotacións (no téxtil, servizo doméstico, nas

conserveiras, na hostalería, nos servizos intelectuais...).


Esta forma de ideoloxía está presente nas conclusións ás que chegou –e das que partiu– a Comisión Mixta dos Dereitos da Muller do Congreso dos Deputados en relación ao tema da Prostitución como expresaba o COLECTIVO HETAIRA no comunicado que podes ver neste número.

A comisión reuniu desde maio de 2006 a 80 persoas expertas para escoitar e tomar en consideración as súas opinións. Porén non tivo en conta máis que aquelas ideas que coincidían co previamente declarado polos membros do PSOE e PP cando se constituíu. Tempo perdido e cartos públicos derramados.


As duascenas persoas penalistas, profesores/as de universidade, xuíces e xuízas e fiscais que desde 1989 forman o Grupo de Estudos de Política Criminal, tamén expresaron os seus desacordos sobre as recomendacións da Comisión Mixta para que non se regularice a prostitución en España: «[...] este grupo non pode mais que amosar a súa repulsa ante a posición de quen, desde a posición dun estado que se autocalifica de social, acordan negar a cidadanía laboral ás persoas que exercen a prostitución impedin-

**Negar que milleiros de adultas prestan voluntariamente servizos sexuais remunerados é descoñecer a realidade dun xeito inadmisibile en persoas con responsabilidades legislativas**

do o recoñecemento da súa existencia como suxeitos de dereitos. O recoñecemento da dignidade humana como valor supremo recollido na nosa Constitución exige o respecto á vontade de quen sendo maior de idade, decide prestar servizos remunerados de carácter sexual. Negar de plano a posibilidade de que esa opción sexa válida constitúe un tratamento paternalista da muller (e do home) como persoas incapaces de tomar decisións adultas. Supón relegalos, sen lexitimidade algunha, á condicións de infrasuxeitos. Esta é unha responsabilidade moi grave que unha política criminal democrática non debería asumir».

Negar que milleiros de adultas prestan voluntariamente servizos sexuais remunerados é descoñecer a realidade dun xeito inadmisibile en persoas con responsabilidades legislativas e non regulamentar os dereitos das traballadoras sexuais é deixar na indefensión as persoas que traballan no sector en situacións altamente vulnerables permitindo que continúe o que o refrán ben expresa, *a río revolto, ganancia de pescadores*. 

**O xoves día 1 de marzo o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Identidade de Xénero, contribuíndo así a poñer fin ou en todo caso a minuar moitos sufrimentos das persoas apreixadas en corpos que non senten como seus, recoñecendo dereitos e ampliando liberdades.**


As persoas transexuais poderán desde a entrada en vigor da lei cambiar de nome e sexo no Rexistro Civil e o DNI sen necesidade de operacións de cambio de sexo. Merece que o celebremos! 

## Wimbledon, 2007, por fin!!!



No 2006 Roger Federer levou **30.000 libras máis (48.000 €)** que Amélie Mauresmo, polo seu sexo, por ser varón.


Á vista do exemplo do Open de Australia, Flushing Meadows de Nova York ou Roland Garros, e do insustentable de premiar máis e mellor aos tenistas varóns que ás tenistas mulleres, Wimbledon réndese e neste ano, por fin e por primeira vez, a gañadora vai percibir o mesmo premio en cartos que o gañador.

Felicitámoslos ou pedimolles que se resarza e indemnice a Amélie, a Venus Williams, a Maria Sharapova e a todas as tenistas gañadoras dos anos anteriores? E postas a pedir, por que non esixir aos gañadores que devolvan os cartos de máis que se levaron, exclusivamente por ter pene? 

**Drew Gilpin Faust**, 59 anos, historiadora especialista na Guerra de Secesión, con investigacións e estudos sobre mulleres, xénero e sociedade é a nova e flamante reitora de Harvard.



A primeira muller desde a creación desta universidade en 1636, nacida para formar clérigos puritanos para a colonia de Massachussets. Transcorreron trescentos setenta e un anos sen ningunha muller ao fronte!

O anterior reitor, brillante economista, non tivo empacho en argumentar en público que unha falta intrínseca de aptitudes podería explicar a ausencia significativa de mulleres nas primeiras filas universitarias de ciencias e de matemáticas. Talvez este foi o detonante para animar á elección dunha muller. 

## Festival de Cine Erótico de Barcelona


2007 vai ser o último ano do Festival de Cine Erótico de Barcelona en L'Hospitalet de Llobregat porque aprobaron en pleno municipal non renovar o contrato cos organizadores para o 2008.

Para os organizadores o veto supón outro episodio da dobre moral e cualifícanos como un aceno de intolerancia e as actrices Bibian Norai e Claudia Carey, dúas das estrelas máis populares do porno español, séntense ofendidas.


«O Concello di que o festival trata á muller como un obxecto sexual. Paréceme un argumento moi machista. Estou neste negocio porque así o elixín. Non me parece denigrante amosar o sexo en directo», di Norai, e Claudia Carey di, «Síntome moi ofendida con acusacións deste tipo. É un estigma moi rancio».

Romá Gubern, pioneiro no estudo da pornografía e membro do xurado do festival di que «nos fai retroceder ao puritanismo da era Reagan. A legalización da pornografía é unha conquista que se dá en Occidente entre os anos setenta e oitenta do século pasado. No XIX era un luxo elitista e aristocrático. Coa cultura de masas, os ricos perderon ese privilexio. Agora que estaba democratizada, algúns teiman en volver atrás».

Durante os nove anos que o festival se fixo en L'Hospitalet recibiu críticas do Partido Popular e dalgunhas asociacións feministas (a pornografía, igual que a prostitución ten provocado no feminismo unha gran división).

A moción presentada ao pleno do concello para trasladar o festival erótico foi unha iniciativa de Esquerra Republicana de Cataluña. 

## Cynthia Sommer

Será verdade que Cynthia Sommer envelenou ao seu marido para cobrar o seguro de vida (uns 212.000 €) e facerse unha operación de implantes de silicona nos peitos? 

**Novartis**, gran empresa farmacéutica, é unha das cinco grandes, coa sede en Basilea, Suíza, e un total de 81.000 persoas empregadas en farmacia, alimentación, biotecnoloxía, cultivos e sementes, pesticidas...

Se entras na súa páxina *web* alucinas. Como mola esta ONG que regala medicamentos aos pobres para que sanden, sempre preocupada pola saúde, polas persoas, pola xente mais feble e fráxil, pola ética!

Pero a realidade non é a que un conta de si mesmo. Médicos sen Fronteiras e Intermon-Oxfam levaron unha campaña chamada «As persoas por diante dos beneficios: a vida de milleiros de persoas está en xogo», para que Novartis retirase a denuncia contra o Goberno indio, o principal produtor de medicamentos baratos e asequibles para milleiros de seres humanos. Coa argucia das patentes, teñen un control eterno sobre os medicamentos tirando máis e máis e máis beneficios a conta da enfermidade, a dor, a fame e outras alegrías da vida. ☞

**Juana Ferrer**, dominicana, activa militante da Confederación de Mulleres Campesinas (CONAMUCA) e cofundadora de Vía Campesina é actualmente a responsable da Comisión Internacional de Xénero de Vía Campesina.

Estivo en Santiago de Compostela con labregas de todo o mundo no «Congreso da Vía Campesina» acollidas polo Sindicato Labrego Galego.

A Juana Ferrer parécelle interesante non quedar na mancha de leis, declaracións, foros de todas partes nas que os gobernos asumen e mesmo ratifican a igualdade de home e muller pero que non se aplican. Como proba, os altos índices de desigualdade no acceso a recursos como a biodiversidade, a terra, o crédito ou os materiais para producir.

Sinala que nos partidos (os tradicionais e os de corte revolucionaria) e nas mesmas organizacións as mulleres seguimos enfrontando situacións de falta de participación. Interésalle traballar na forxa dun espazo para as mulleres onde está persuadida que o máis importante é que as propias labregas recoñezan –recoñezamos, di– nós mesmas, as achegas das labregas á humanidade (inventoras da agricultura, coidadoras de sementes...) porque ese é o xeito de que a sociedade poida recoñecer e asumir a participación efectiva da muller. ☞



## O aborto en candeeiro

En Portugal gañou o si no referendo para despenalizar o aborto a decisión da muller nas 10 primeiras semanas do embarazo. Agora teñen que dar forma á lei e enfrontar os retos de garantir o cumprimento da mesma e o respecto á cláusula de conciencia á que, sen dúbida, se acolleran boa parte dos xinecólogos do país irmán. É unha boa noticia para ás mulleres portuguesas que cren que isto suma un espazo mais de liberdade sobre a vida e o corpo das mulleres. Tamén unha boa noticia para as que con calquera crenza, vense na obriga de recorrer a un aborto que até agora realizaban na clandestinidade, dentro ou fora do país. En boas, regulares ou malas condicións sanitarias.

En Nicaragua, porén, a Asemblea Nacional, declaraba ilegal o aborto terapéutico, vixente desde 1883. O vergoñento uso do aborto para conseguir o apoio da Igrexa católica nas eleccións, por parte do FSLN ou de membros do mesmo, deixa en situación extremadamente vulnerable ás mulleres con embarazos problemáticos. Entre 800 e 1000 ao ano segundo estimacións de organizacións de mulleres e sanitarias. ☞

## Jamilah poderá soportalo?



Vítima dos atentados do 11M. A súa filla Sanae morreu nos trens e o seu marido séntase no banco acusado de participar na masacre na que morreron, entre tantas persoas, Sanae. ☞

## Ao volante

1.600.000 galegos teñen carné de conducir: 951.000 eles e 657.000 elas. Dos 168 condutores mortos no ano 2006, 150 eran varóns e 18 eran mulleres.

Das 10.023 denuncias rexistradas desde que entrou en vigor o carné por puntos o 1 de xullo de 2006, 8445 corresponden a a varóns e 1578 a mulleres. O resultado destas denuncias foi a retirada de 29.358 puntos a señores e 4967 a mulleres.

É certo que hai máis condutores varóns, que..., porén as cifras tamén cantan algo e a Dirección Xeral de Tráfico sabe que as mulleres teñen menos accidentes graves ou mortais ao volante que os varóns e que estes teñen unha condución máis agresiva e temeraria. [6]



**Jasmila Zbanic**, directora de cine, estreou en marzo de 2006 *Grbavica*. Na película retrata o drama das mulleres bosnias violadas polos serbios.

O filme contribuíu decisivamente a que o Parlamento de Bosnia-Herzegovina recoñecese finalmente que as mulleres violadas polos militares serbios entre 1990-1992 eran tamén vítimas de guerra. Na república Serbia de Bosnia, prefiren negar todo como se nada destos tivese acontecido.

*Grbavica* obtivo o Oso de Ouro no Festival de Berlín. Ao recoller o premio Jasmila dixo: «Aproveito este podio europeo para lembrar que hoxe seguen vivindo libres en Europa dúas persoas: Radovan Karadzic e Ratko Mladic, que organizaron a violación de 20.000 mulleres en Bosnia, a morte de 100.000 persoas e a deportación de 1.000.000 de seres humanos». [6]

## Frances Allen



Por primeira vez unha muller, **Frances Allen**, de 75 anos, acaba de recibir o premio Turing, o Nobel de informática, polos seus traballos de optimización de programas que traducen linguaxes informáticos entre si. [6]

## A realidade da muller galega 2005

Interesante publicación do Servizo Galego de Igualdade. Dun xeito gráfico e visual ofrecenos datos sempre segregados por sexo de actividade, ocupación, paro, inactividade. Os salarios por sexo e sectores produtivos, xornada laboral, poboación e xerencia e dirección e datos estatísticos sobre mulleres e política.



Material moi relevante para achegarse a realidade e poder medir e valorar os avances, desigualdades entre homes e mulleres e mesmo deseñar propostas para seguir tirando da igualdade.

Outros datos son precisos e necesarios: horas dedicadas á familia (labores domésticos e atencións e coidados a persoas enfermas e dependentes), tempo de ocio e lecer, participación en organizacións, número de abortos, embarazos en adolescentes, número de fillos por muller, tipos de familias, estudos elixidos, formación acadada.... En fin, outro tipo de datos que axudan a facerse unha idea mais cabal da realidade. [6]

Boletín  
de subscrición



**andaina**


Revista Galega de Pensamento Feminista

**Santiago Gaspar Sebastián** matou a súa muller Ángela Porras enferma de alzheimer e párkinson o 15 de febreiro, na Coruña. El era o seu único coidador e estaba recentemente operado dun mal coronario. Intentou suicidarse posteriormente.

Gregorio, logo de ser diagnosticado dun tumor cerebral, decide suicidarse matando previamente a todas as persoas da familia ás que coidaba: a nai, a muller, a un fillo enfermos.

Outro ancián de 89 anos en decembro de 2006 fixo o propio coa súa muller enferma de alzheimer.


Realmente queremos contabilizar estes parricidios con posterior suicidio –ou intentos– como episodios de violencia de xénero?

Abonda analizar demoradamente os casos para saber que estamos falando de outras cousas: vidas infernais que o tempo só empeora. Unha solución son estes finais que nos conmoven. 

### Necrolóxicas do xornal *El País*

Na páxina de necrolóxicas do xornal *El País* do 30 decembro de 2006 dáse cumprida conta do falecemento da compositora rusa Galina Ustvolskaya (Petrogrado, 1019-San Petersburgo, 2006).

Mágoa que *El País* non aproveitase outras ocasións para nos dar conta desta importante –e descoñecida– compositora, da edición de discos con obras súas, concertos que inclúsen en programa páxinas da súa autoría ou publicacións que nos achegasen á súa música. En fin, achegarnos ao traballo dunha música con obra singular e merecedora de ser escoitada e coñecida. Alumna e colega de Shostakovich e obra poderosa, áspera, forte.

Non é rechamante constatar que sabemos de mulleres interesantes por necrolóxicas? Nesta cuestión *El País* é un verdadeiro mestre! Non poderíamos coñecerlas mentres están vivas? 

Nome .....

Apelidos .....

Enderezo .....

Localidade ..... Código Postal .....

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº .....

Prezo: *Tarifa normal*  15 € ano

*Tarifa de apoio*  16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancaria á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data .....

Bco/Caixa ..... Oficina .....

Localidade .....

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade ..... Oficina .....

Dc ..... Nº de conta .....

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome .....

Apelidos .....

Sinatura do/a titular da conta:





# Presentación do número

O día 30 de novembro de 2006 presentamos en Compostela, no pazo de Bendaña, sede da Fundación Granell, o número 45 de *Andaina*. Decidíramos dedicarlles ese número, o último do chamado Ano da Memoria Histórica, as mulleres coñecidas, recoñecidas, pero sobre todo descoñecidas que tamén forman parte da memoria. Non contáramos con que o volume de información ía superar a capacidade do dossier, polo que publicamos nel parte dos traballos recibidos (e todo o conxunto nun libro que coeditamos co Servizo Galego de Igualdade, *A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas*).

O acto, presentado pola nosa compañeira Patricia Arias Chachero, contou coa presenza dun público numeroso e diverso no transcurso desta longa xornada que se iniciou coa proxección do documental *Mujeres del 36* (producido en 1999 por «La Noche Temática» de TVE2), do que é coautora a xornalista e escritora Llum Quiñonero. Este documental distribúese en DVD co libro *Nosotras que perdimos la paz*, do que tamén é Llum a autora (Barcelona, Foca, 2005) e no que recolle a traxectoria vital, o compromiso e a loita política de catro activistas que viviron a guerra civil e sobreviviron a ela: Rosa Cremón, Trini Gallego, Concha Pérez e Conchita Liaño. En torno a elas, as lembranzas que lle transmitiron en longas conversas, así como en torno a súa propia experiencia de nena que medrou na España franquista, trazou Llum Quiñonero o seu relatorio.





# 45 de andaina



Carmen Blanco, escritora, profesora da Universidade de Santiago de Compostela no Campus de Lugo, coordinadora da revista *Unión Libre: Cadernos de vida e Culturas*, e xa de vello colaboradora de *Andaina*, tivo a xentileza de cedernos como primicia un capítulo do seu libro *Atracción total* (en proceso de edición), que titula «Memoria de mulleres libres». Na súa intervención fixo unha interpretación en primeira persoa do pensamento e as vivencias dalgunhas libertarias: Juana Capdeville, Mercedes Romero Abella (moza mestra de Monelos), as tres Marías, Elvira Bao, Urania Mella, Pilar Fernández Seixas de Trabanca, as guerrilleiras Consuelo Alba Digón e as súas fillas Flo-

doméstica; o da Igrexa, quen levou adiante un control férreo sobre todos os aspectos da vida privada das persoas. Estes dous piares fundamentais na propaganda e consolidación do *régime*, idearon un prototipo de muller reducida ao papel de mera reprodutora, submisiva, permanentemente atarefada e relegada ao ámbito doméstico. Prototipo este, que as *mandos* da propia Sección Femenina, non encarnaban.

Todas as relatoras insistiron na necesidade de recuperar a intrahistoria das mulleres no franquismo, eses testemuños da vida cotiá que non figuran na historia oficial, pero que son verdadeiramente importantes para coñecermos cada quen as propias



rinda e Domitilia Gutiérrez Alba, Carmen Lage Dapena, Sebastiana Vitales Gascón...

Carme Alvaríño e Mercedes González, profesoras de ensino secundario, autoras de diversos materiais e recursos para a aula relacionados co papel das mulleres e da publicación *As mulleres na historia*, ilustraron con abundantes testemuños a represión ideolóxica brutal a que estiveron sometidas as mulleres durante a época franquista. Abordaron o papel da Sección Femenina na *Formación do Espírito Nacional* e a economía

experiencias familiares, e que en conxunto conforman a historia colectiva. Unha tarefa urxente, pois as testemuñas vivas están chegando ao final do seu ciclo vital.

Tanto a publicación como esta xornada de *Andaina* estivo dedicada a todas as nais, avoas, irmás, militantes, traballadoras e amas de casa que tiveron que loitar e resistir na guerra, na posguerra, no exilio e na ditadura franquista, porque sen elas non é posible reconstruír a nosa historia. 6

Presentación do libro

# *A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas*

O día 11 de decembro de 2006, o Servizo Galego de Igualdade e Andaina presentamos na Fundación Granell, no pazo de Bendaña, o libro *A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas*. A publicación xurdiu para dar cabida a todas as colaboracións solicitadas pola nosa revista para o dossier do número 45, dedicado a memoria das mulleres no contexto da resistencia antifranquista, que excedían con moito a capacidade do mesmo, un proxecto que presentamos ao SGI e que deu como resultado a súa coedición.

Neste acto de presentación, Ana Luisa Bouza, directora do SGI, falou da oportunidade desta publicación no Ano da Memoria Histórica e animou a continuar afondando e investigando na historia das mulleres, especialmente por parte das propias mulleres.

A nosa compañeira, Nadia Fernández, glossou o contido dos diversos textos que conforman o libro:

- ▶ O traballo de Carme Alvaríño e Mercedes González «Recuperando a memoria das mulleres», que trata dos avances que en materia lexislativa e laboral supuxo para elas a chegada da segunda república, a perda desas recentes conquistas co golpe militar, a organización na guerra, a loita clandestina no exilio e a guerrilla, os cárceres, as peladas, os paseos, a sobrevivencia na autarquía e modelo feminino imposto polo aparato de control social que foi a Sección Femenina. Aporta unha interesante escolma de citas a modo de testemuños e imaxes.

*A memoria esquecida:  
Peladas, presas, paseadas*

XUNTA DE GALICIA



► Carmen Blanco tivo a xentileza de cedernos como primicia un capítulo do seu libro *Atracción total* (en proceso de edición), que titula «Memoria de mulleres libres», unha interpretación en primeira persoa de pensamentos dalgunhas mulleres anarquistas.

► Aurora Marco tivo a xenerosidade de resumir para nós algún capítulo dunha ampla investigación en curso, resumo que titulou «Mulleres na guerrilla antifranquista. Consuelo Rodríguez Lopez, *Chelo*».

► Laura Gómez transcribe a entrevista que mantivo con Lola Rodal Blanco, máis coñecida na súa vila natal de Cangas por *a de Blanco*, en referencia ao sinalado compromiso político e social dos seus parentes maternos. Lola, aos seus 86 anos recentemente cumpridos, é unha testemuña viva que conserva unha prodixiosa memoria para os detalles dos sucesos acontecidos en Cangas co triunfo da Frente Popular, o levantamento militar, o estourado da guerra, a dura posguerra...

► Raquel Barreiro Paz, no seu artigo «Combativas», traza unha semblanza do activo papel que moitas mulleres desenvolveron na etapa da contenda, algunhas recoñecidas, outras escasamente coñecidas e a meirande parte descoñecidas.

► Nanina Santos, lembra «No internado das freiras, 1962» un ilustrativo episodio do ensino do nacional-catolicismo no que foi *educada*, «pura imperial hispanofilia incrustada de fanatismo relixioso».

► Victoria Díaz comenta a súa experiencia na cadea en «O cárcere por terceira vez». O 10 de marzo de 1972 morreron de tiro de bala dous obreiros de Ferrol, as forzas democráticas fixeran unhas *octavillas* denunciando os feitos e Victoria, do Movemento Democrático de Mulleres, foi detida coas volantinas nun bolso. Lembra Victoria a unha das mulle-

res que coñeceu na cadea, Mela, *a Carboeira*, vendedora de peixe na praza de Ferrol e muller de enorme vitalidade e sentido solidario.

► Patricia Arias Chachero, en «Unha bibliografía posíbel», revisa e comenta unha escolma de publicacións recentes e que tratan de maneira directa as problemáticas e vivencias das mulleres na guerra civil e na posguerra.


A continuación a profesora Aurora Marco deunos unha ampla visión sobre o seu traballo de campo na investigación «A participación das mulleres no movemento dos anos corenta en Galicia». Subliñou a importancia das mulleres na infraestrutura de rede da guerrilla, como correos, como enlaces, como sustentadoras das casas abertas aos compañeiros e compañeiras combatentes, e mesmo como *guerrilleiras con fusil*. Un papel sobranceiro, así recoñecido por algúns guerrilleiros sobreviventes, cos que a profesora Marco conversou, como Francisco Martínez López, *Qui-co*: «Estaban loitando tamén por un sistema que rachase con todos os esquemas machistas». E comentou como toda esta loita aparece cualificada nos arquivos, nos informes oficiais, nas noticias dos xornais da ditadura como accións de *bandoleiros*, ladróns, foraxidos, así nun masculino ocultador das guerrilleiras do monte ou da chaira.

De entre estas guerrilleiras subliñou a figura de Consuelo Rodríguez López, *Chelo* nada na aldea de Soulecín (Barco de Valdeorras), exiliada e residente en Francia, a quen entrevistou a profesora Marco no seu domicilio de Île de Ré en xuño do ano pasado.

A todas elas, as antifascistas, as sindicalistas, as milicianas, as voluntarias, as loitadoras, as peladas, as encarceradas, as condenadas, as paseadas, as fusiladas..., cerna da nosa historia oculta, quixemos recoñecerlles a nosa débeda e mostrarlles o noso recoñecemento con esta publicación. 6



# 8 de marzo







8 de marzo  
día das mulleres

MUJERES  
GITANAS  
NOSOTRAS  
INTRAMURAS



O martes 8 de marzo ás 20 h inaugúrase na sala Isaac Díaz Pardo da Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo, a exposición «Vinte e catro anos de Andaina», da que por razóns evidentes nos sentimos particularmente orgullosas.

Ao acto asistiron o vicerreitor de Cultura da universidade compostelá, Elías Torres, e Ana Luísa Bouza, directora xeral do Servizo Galego de Igualdade.

A exposición, que remataba o 20 de marzo, recollía as portadas da nosa revista desde aquel sinxelo número 0 que veu a luz en xaneiro de 1983 até o último número, publicado en decembro do ano pasado. Os paneis en cores pretenden percorrer visualmente vinte e catro anos de ininterrompido compromiso feminista galego.

No acto inaugural tivemos ademais a sorte de poder contar coa fermosa actuación do Espazo de Danza Universitario (EDU) quen baixo a dirección de Juan Carlos Zahera de la Vega nos ofreceu o espectáculo titulado *Cun par de Takóns!* interpretado por Marina del Viejo, Sofía Espiñeira López, Pilar Fernández Pérez, Alicia Fernández Sela e Laura Hojas Sánchez. 6



# Manifesto de HETAIRA (Colectivo en Defensa dos Dereitos das Prostitutas) Manifesto de HETAIRA (Colectivo en Defensa dos Dereitos das Prostitutas) Manifesto de HETAIRA (Colectivo en Defensa dos Dereitos das Prostitutas) Manifesto de HETAIRA (Colectivo en Defensa dos Dereitos das Prostitutas)

## Ante as conclusións da Comisión Mixta dos Dereitos da Muller do Congreso dos Deputados sobre a prostitución

Ante as conclusións ás que chegou a Comisión Mixta dos Dereitos da Muller do Congreso dos Deputados en relación ao tema da prostitución, o colectivo Hetaira (Colectivo en Defensa dos Dereitos das Prostitutas) quere manifestar:

1. Que lamentamos profundamente tales conclusións, xa que deixan totalmente desprotexidas as mulleres que exercen a prostitución e reafirman a vulneración de dereitos a que hoxe están sometidas.

2. Que, tal e como manifestamos reiteradamente as asociacións que temos coñecemento directo do tema, a loita eficaz contra a trata de mulleres con fins do comercio sexual só é posíbel se se diferencia claramente a prostitución voluntaria, que debe ser recoñecida legalmente, da prostitución forzada que debe ser perseguida. Así tamén se recoñece no Informe da Unidade Técnica de Policía Xudicial da Garda Civil elaborado en 2004.

3. Que as conclusións ás que chegou a comisión están altamente prexuízadas e ideoloxizadas e non teñen en conta a realidade concreta das persoas traballadoras do sexo. Derramáronse os cartos públicos e o tempo de todas as persoas que pasaron pola comisión para intentar xustificar unhas conclusións que estaban tomadas antes de que a comisión empezase os seus traballos así o demostran as declaracións dos membros do PSOE e do PP cando se constituíu a comisión que coinciden ao cento por cento co que foi aprobado.

4. Sorpréndenos a terxiversación que se fai dos artigos 9 e 14 da Constitución para negar a consideración da prostitución como un traballo, cando eses mesmos artigos serven para recomendar xustamente o contrario: a necesidade de que se acabe coa discriminación que sofre este sector de traballadoras polo feito de ofrecer servizos de carácter sexual. A ideoloxía discriminatoria que xulga as mulleres en función do seu comportamento sexual segue presente nas conclusións da comisión.

5. Preocúpanos especialmente que un sector do feminismo en nome da dignidade das mulleres en abstracto negue a dignidade das mulleres que queren seguir exercendo voluntariamente a prostitución, invisibilizándoas e desconsiderando os seus dereitos como traballadoras. Nisto non está de máis lembrar que neste país tivemos unha lexislación abolicionista baixo o franquismo e que a Lei, que se promulgou en 1956 para erradicar a prostitución aludía no seu preámbulo á dignidade das mulleres.

6. Desde Hetaira esperamos que o sentido común prevaleza e reiteramos a nosa vontade de seguir loitando para que se garantan os dereitos de **todas** as persoas que exercen a prostitución. Neste camiño parécenos fundamental o recoñecemento da prostitución como un traballo que tamén é exercido de xeito voluntario e en consecuencia o recoñecemento de dereitos que se derivan diso. ☞



O Grupo de Estudos de Política Criminal constituído dende 1989 por uns douscentos penalistas –profesorado de universidade, xuízas/es e fiscais– manifestouse o pasado mes de novembro a favor da regulación do exercicio voluntario da prostitución entre adultos.

Seguindo as indicacións da OIT, que recoñece a prostitución como unha actividade económica que debe ser recoñecida e regulada en beneficio de quen a exerce e, tomando como base unha contundente doutrina da xurisprudencia dos nosos tribunais que ampara esa recomendación internacional de protección aos dereitos das/dos traballadoras/es do sexo, este grupo acordou manifestar o seguinte:

**1.** É unha realidade constatada no noso país que miles de adultos prestan voluntariamente servizos sexuais remunerados. É preciso que as autoridades non desprezen este feito, para a comprobación do calha de propiciarse un método de coñecemento razoable fuxindo das aproximacións morais, que nin sequera son hoxe socialmente maioritarias e que tentan simplificar un fenómeno complexo e diverso. Tampouco pode descoñecerse que, aínda sendo as devanditas persoas maioritariamente mulleres, hai moitos homes e transexuais que se dedican á prestación de servizos de carácter sexual. O debate, xa que logo, non pode ser monopolizado por un discurso en clave de xénero.

**2.** A represión de todas as actividades relacionadas coa prostitución deu un balance histórico que só pode ser cualificado de lamentable pois, en lugar de erradicar o fenómeno –como pretendía–, acouchouno provocando unha serie de efectos perniciosos tales coma o estigma, o illamento e a indefensión das persoas que a exercen ás que se sitúa en condicións de máxima vulnerabilidade.

**3.** A ninguén se lle oculta a hipocrísia que supón poñer atrancos á regulación da prestación voluntaria de servizos sexuais e permitir pola contra que a oferta deses mesmos servizos xere cuantiosos ingresos por publicidade aos medios de comunicación que a anuncian, fomentando ao mesmo tempo unha actividade económica somerxida e descontrolada que prexudica a todos.

**4.** Por outra banda, debe recoñecerse que a situación de non legalidade en que se atopa quen exerce a prostitución en condicións de non recoñecemento favorece a súa explotación por parte dos empresarios que non se cren obrigados a respectar os seus dereitos sociais e laborais básicos, despoxándoos de calquera clase de responsabilidade legal. É sabido, ademais, que a persecución da contorna da prostitución libremente exercida e de quen se lucra con ela, prexudica a necesaria transparencia dese mer-

cado favorecendo a proliferación de organizacións delituosas dedicadas á trata de persoas, na medida en que fomenta o carácter clandestino destas actividades e non motiva a denuncia da vítima. Isto sen prexuízo do noso convencemento da necesidade de loitar, de maneira decidida e eficaz, contra calquera forma de actividade sexual forzada.

Á vista das recentes conclusións expresadas pola Comisión Mixta dos Dereitos da Muller do Congreso dos Deputados, este Grupo non pode máis ca mostrar o seu rexeitamento ante a posición de quen, dende a posición dun Estado que se autocualifica de social, acorda negar a cidadanía laboral ás persoas que exercen a prostitución impedindo o recoñecemento da súa existencia como suxeitos de dereitos. O recoñecemento da dignidade humana como valor supremo recollido na nosa Constitución esixe o respecto á vontade de quen, sendo maior de idade, decide prestar servizos remunerados de carácter sexual. Negar de cheo a posibilidade de que esa opción sexa válida constitúe un tratamento paternalista da muller (e do home) como persoas incapaces de tomar decisións adultas. Supón relegalas, sen ningunha lexitimidade, á condición de infrasuxeitos. Esta é unha responsabilidade moi grave que unha política criminal democrática non debería asumir. ⑥



# Máis mulleres,

 ANA ARELLANO

De novo eleccións, de novo son noticia as listas dos partidos e as súas propostas para ocupar as alcaldías. E de novo nas listas e nas promesas hai moi poucas sorpresas. Todos os partidos queren o mellor para a súa vila, e preséntansenos todos como as candidaturas máis válidas. Hai xa tempo que as citas electorais son máis campaña publicitaria ca confrontación de ideas ou de propostas. Os programas

son difusos e todo está resumido na frase con gancho que cada asemblea de campaña saque da chistera para vender mellor as propostas do partido. Así que sempre vai resultar máis clarificador fiarse das traxectorias que das promesas. No caso das eleccións municipais, pola proximidade do electorado aos posibles gobernantes e aos conflitos locais, as persoas cobran, se cabe, maior importancia. Nestas elec-

cións vai ser a primeira vez que se aplique o sistema de cotas (tanto mulleres coma homes terán unha representación non inferior ao co-renta por cento no conxunto da candidatura e en cada tramo de cinco) que establece a Lei de Igualdade para os concellos que superen os cinco mil habitantes. Como consecuencia da lei é de esperar que aumente o número de concelleiras, aínda que dependerá do

Ás veces o teito de cristal resulta de cemento armado. En xeral as mulleres teñen tanta ou máis formación cós homes, pero dentro dos partidos primase máis a fidelidade cá formación

repartido que estea o resultado e do lugar que ocupen as mulleres en cada tramo. Onde non haberá moitos cambios será ao fronte das alcaldías, porque, agás contadísimas excepcións, unha vez máis, as listas electorais están encabezadas por homes.

Ás veces o teito de cristal resulta de cemento armado. En xeral as mulleres teñen tanta ou máis for-

A escaseza de mulleres na política activa unido á necesidade de contar con mulleres para determinados cargos públicos, ben por acordo interno dos partidos ou ben por non quedar demasiado fóra dos tempos, fai que as que están cambien con máis frecuencia de actividade cós seus compañeiros. E esta circunstancia dificulta crear redes de influencia que permitan realizar un traballo continuado con outras áreas de actividade.


litantes, por moi preparadas que estean.

Con todas as críticas que se lles poden facer aos acordos de cotas, cunha clase política tan competitiva e tan aferrada ás fidelidades á hora de asegurarse espazos de poder, as cotas son necesarias para abrir paso ás mulleres, pero a súa efectividade é pouca se só se presentan con urxencia no momento das eleccións. Incorporar mulleres á política debería ser unha preocupación do día a día dentro dos partidos e organizacións. Pero que

**pero... máis poder?**

mación cós homes, pero dentro dos partidos primase máis a fidelidade cá formación. Hai bastantes mulleres xoves militando nos partidos, pero moitas abandonan pasados uns anos e das que quedan moi poucas chegan a acadar postos de responsabilidade dentro das súas organizacións. As cargas familiares poden ser unha das causas, mais tamén é certo que non serven de explicación cando vemos que son precisamente mulleres as máis activas noutro tipo de organizacións comunitarias, que son as que máis tempo dedican á formación ou que nas conferencias, nas bibliotecas ou nos teatros, hai sempre máis mulleres que homes. Así pois estas cargas familiares, que son certas e desiguais para unhas e outros, non impiden que moitas mulleres dediquen parte do seu tempo e entusiasmo a outras actividades.

Os concellos son un dos primeiros foros públicos onde se forxan as carreiras políticas, onde se dan a coñecer as persoas entre o electorado e dentro dos partidos. Non é imprescindible, pero si axuda moito pasar por eles para conseguir o consenso de militantes e electorado cando se teñan que designar as persoas para representar o grupo en futuras confrontacións electorais. Que agora aumente a presenza de mulleres nos concellos significa que, máis adiante, cando se teñan que confeccionar as listas aos parlamentos autonómicos ou do Estado, algunhas destas mulleres contarán con máis apoios e coñecemento para defender a súa candidatura fronte aos seus compañeiros que se fosen simples mi-

existan mulleres nos concellos, nos parlamentos ou nos gobernos non garante que fagan unha política feminista ou faciliten a entrada doutras mulleres. Como moitos homes, hai tamén mulleres políticas que están máis motivadas pola súa propia promoción individual que pola paridade do poder. Por riba das persoas individuais son os grupos, os partidos e os gobernos, como representantes da sociedade, os que deben comprometerse na consecución dunha sociedade máis equitativa e democrática, na que mulleres e homes compartamos poder en igualdade de condicións. 



# Celebrémonos mulleres!

## Dez anos da Asociación Mulleres Cristiás Galegas

COMISIÓN ORGANIZADORA DA XORNADA

As distintas correntes do pensamento e praxes feministas presentan facianas múltiples que nos van axudando a concebir un mundo onde nacer muller non sexa un equívoco senón un motivo de celebración. Así, os logros do movemento de mulleres sempre tiveron un pequeno e fecundo denominador común: a liberdade de modos e de formas de organización, non había e non hai fórmulas para seguir ao pé da letra, nin estruturas para repetir nin xerarquías para manter. As mulleres parten –partimos– da propia necesidade para crear formas; o feminismo é un movemento sen carnés nin listaxes nin normas.

### Abrindo a espiritualidade ao feminismo

Así, aló polos anos noventa, un grupo de mulleres crentes iamos entrevedo novas formas de espi-

ritualidade e unha nova sensibilidade facíanos insoportables certas linguaxes e estilos de proceder eclesiásticos. Nese momento chegounos tamén o impulso doutros colectivos de mulleres cos que se nos facía patente a resistencia creativa e a enerxía que xorde do empoderamento.

E a pinga que fixo rebordar o vaso foi unha carta da Congregación para a Doutrina da Fe, que negaba de novo, e con moita radicalidade, a posibilidade de ordenación sacerdotal das mulleres.

Non queríamos deixar a un lado a nosa central dimensión relixiosa e decidimos afincarnos no noso ser de mulleres desde dúas realidades concretas que considerabamos vitais para nós: ser galegas e ser cristiás. Nese clima xurdiu a iniciativa de convocar un primeiro encontro. E así, o 10 de marzo de 1996 xuntámonos por primeira vez unhas



trinta mulleres, dando lugar á xestación dun proxecto para nós increíble que posteriormente demos en chamar ASOCIACIÓN MULLERES CRISTIÁS GALEGAS-EXERIA.

Para contactar: Cristina Ledo Regal (Coordinadora da Asociación Mulleres Cristiás Galegas-Exeria) Tel. 981 744 146 – correo: [cristinaledo@edu.xunta.es](mailto:cristinaledo@edu.xunta.es).

## Unha década de historia

Estes dez anos de vida resultaron un camiño valente de búsquedas persoais e colectivas onde cada unha fomos descubrindo identidades e voz propia; un percorrido que nos foi levando a un lento espertar da nosa conciencia feminista.


Foi un camiño creativo, xerador de múltiples iniciativas: reunións por zonas e asembleas xerais dúas veces ao ano, reflexión teolóxica desde unha perspectiva de xénero, lecturas compartidas, equipos de traballo, celebracións, encontros, obradoiros... E impulsor de numerosas accións en diferentes colectivos como a Plataforma Nunca Máis ou a Plataforma pola Paz, Mulleres e Teoloxía, Sinodalia ou Somos Igrexa.

da asociación e achega reflexións diversas sobre feminismo e espiritualidade.

Tamén quixemos celebrar os dez anos organizando un acto festivo, que realizamos o sábado 3 de marzo no Auditorio de Compostela baixo o lema «CELEBRÉMONOS MULLERES!!!».

Resultou unha xornada intensa e emotiva, chea de afectos e vivencias, con espazos para o debate e a reflexión conxunta e con momentos para o recordo e a festa. Xuntámonos ao redor dunhas cen compañeiras, unhas que seguimos traballando desde a asociación, e outras dende outros colectivos ou desde as cousas de a diario; todas desde a riqueza e a orixinalidade da propia vida.

A tarde comezou cunha proxección fotográfica lembrando distintas accións nas que participamos. A posterior mesa redonda contou con Lupe Ces (da Marcha Mundial das Mulleres), Nazaret Guerreiro (da Secretaría da Muller do Sindicato de Ensino STEG), Nanina Santos (da mesa de redacción da revista *Andaina*) e Isabel Villalba (responsable da Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego). As exposicións, a partir do tema «O espertar das mulleres para outros mundos posibles», resultaron valentes e humanas por canto nos compartiron do propio percorrido persoal, e polémicas polas preguntas e os cuestionamentos que suscitaron.



Destacamos especialmente a nosa participación dentro da Marcha Mundial de Mulleres polo que tivo de encontro e de aperturas mutuas, de traballos e de aprendizaxes, de horizontes ampliados para todas.

## Unha xornada para celebrarnos

Toda esta vida entretrecida ao longo destes dez anos quixemos contala no libro colectivo *Donas da nosa memoria*. Esta publicación recolle cronoloxicamente a andaina

A acollida foi agarimosa, con caramelos e o regalo duns mini-pandeiros de recordo. A xornada comezou co recital de música e textos escolmados do libro *Donas da nosa memoria*, para debullar en dez momentos a historia da asociación. Seguidamente, a exposición de Amada Traba sobre da identidade das mulleres clarificou aspectos e puxo sobre da mesa cuestións a debate, que se levaron ata a mesa no momento do xantar.

Rematamos a xornada cun momento específico de expresión celebrativa chea de simbolismo que nos fixo poñer en pé, ocupar espazo, enlazarnos en rede e bailar celebrándonos...

Apostamos por darlle ás e sons novos ao noso nome –*Mulleres Cristiás Galegas*– para que sexa ventá aberta desde a que respirar os aires recendentes da utopía de podermos ser crentes e feministas en galego. ☞



# Muller e precariedade laboral

 NATIVIDAD LÓPEZ GROMAZ\*

Un dos grandes acontecementos que sen dúbida caracterizaron a segunda metade do século XX foi a incorporación masiva da muller á actividade laboral, especialmente ao traballo asalariado, pero, ao mesmo tempo que isto sucedía, déronse outros factores que modificaron o status da muller nos últimos tempos. Por un lado, a muller incorpórase ao mercado de traballo nunha distribución de roles to-

talmente consolidada, e que non se modifica; e por outro, nun momento onde o sistema produtivo se está a transformar fortemente.

No que atinxe ao primeiro dos factores, a muller non se incorpora ao mercado laboral na medida de saír dun espazo e incorporarse noutro, senón que a muller sen abandonar o primeiro (o familiar), incorpórase nun espazo produtivo organizado por e para os homes en

función do rol social que tiñan asignado e sen ter en conta a nova realidade social que supón a incorporación da muller.

Isto obriga a muller a buscar o seu propio espazo conciliador, pondo en evidencia a apatía dos poderes públicos ante os novos acontecementos. Concilia desde dúas

---

\* Economista da CIG.



vertentes: apoiándose na familia, amigos... na esfera familiar, e incorporándose a actividade laboral a través de xornadas a tempo parcial, contratos temporais..., non como algo desexábel, senón como o menos malo para a súa situación.

Paralelo a incorporación masiva da muller ao mercado de traballo, no ámbito produtivo, estase a implantar unha nova forma de organizar a produción, cuxo fenómeno de maior alcance nos últimos tempos foi a adopción xeralizada por parte das empresas do sistema de descentralización produtiva ou externalización de funcións.

O novo modelo de organización converteuse nun medio moi eficaz para introducir e logo ir xeralizando a precariedade no emprego; a través das empresas auxiliares, dun xeito nada conflitivo co modelo anterior, ao que non se ataca frontalmente. Os vellos traballadores da empresa manteñen o seu status, normalmente na empresa matriz, e é nas auxiliares, normalmente empresas novas, onde se introduce a precariedade. Nestas empresas auxiliares as condicións laborais son distintas, réxense por convenios distintos, e en xeral, en peores condicións que na empresa principal.

Xunto aos cambios organizativos, os cambios legislativos permitiron flexibilizar as relacións laborais e crear as condicións onde este novo modelo se puidese desenvolver, xeralizaron a precariedade laboral.

É neste contexto onde a muller se incorpora masivamente ao mercado laboral, polo que xunto cos máis novos, homes ou mulleres tamén de nova incorporación, son os que máis sofren o nova realidade sociolaboral.

Unha das consecuencias máis visíbeis deste problema, foi a forte caída da natalidade, que dalgunha forma obrigou aos gobernos a tomar medidas no asunto.

A situación non é exclusiva de Galiza, nin do Estado español, senón un fenómeno global, pero mentres nalgúns estados, especialmente no seo da Unión Europea, se tomaron medidas para tentar paliar o problema da muller, no Estado español, e en Galiza, estamos practicamente en *cueiros*.

As políticas cara á conciliación da vida laboral e familiar no Estado español, son recentes (a lei de conciliación da vida laboral e familiar é do ano 1999) e de mínimos, practicamente o que se fai é a transposición da normativa internacional e comunitaria sen apenas superar os niveis mínimos.

que pode ser un instrumento válido temporalmente, a falla doutros, para conciliar, desde logo, non é o máis acaído para a integración no mercado laboral; xa que este tipo de traballo conleva menores salarios, dificulta a carreira profesional, pon en perigo pensións futuras..., en definitiva marxina nunha estrutura social organizada a tempo completo.

Non se trata polo tanto de apostar por unha ou outra medida, simplemente de denunciar que nalgúns países se tomaron medidas, máis acertadas ou menos acertadas, máis equivocadas ou menos equivocadas..., e noutros, caso do Estado

**A situación non é exclusiva de Galiza, nin do Estado español, senón un fenómeno global, pero mentres nalgúns estados, especialmente no seo da Unión Europea, se tomaron medidas para tentar paliar o problema da muller, no Estado español, e en Galiza, estamos practicamente en *cueiros***

Se analizamos os fondos destinados á protección da familia, no Estado español destínase en torno ao 0,5% do Produto Interior Bruto, dos máis baixos da UE, cuxa media está en torno ao 2,7% do PIB, aínda que no seo da mesma se producen fortes diferenzas, algúns países superan o 3% do PIB en gasto público nas familias, e outros, como vimos, apenas acadan o 0,5%.

Outra das formas de integración laboral da muller que potenciaron algúns países que ao mesmo tempo permitise conciliar, foi apostar polo traballo a tempo parcial, caso de Holanda; no caso do Estado español esta fórmula tamén é deficiente, a participación feminina no traballo a tempo parcial tamén é escasa, pero é moi superior á masculina. Este tipo de xornada, aínda

español, e de Galiza, apenas se entrevistou; así atopamos as taxas de actividade das máis baixas da UE, coas maiores taxas de paro e unha baixísima taxa de fertilidade.

Non se entrevistou no tema da conciliación, para apoiar o acceso e permanencia da muller no mercado de traballo; e tampouco na cualidade do emprego: a temporalidade, os baixos salarios..., afectan en maior medida ás mulleres; os dados que pasamos a amosar a continuación permítenos afirmar o anterior.

O acceso da muller ao mercado de traballo, medido en termos de taxa de actividade (porcentaxe de mulleres con máis de 16 anos traballando ou buscando emprego activamente), evidéncianos unha realidade da muller galega moi seria e preocupante.

Taxa de actividade segundo sexo:

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Total	51,3	49,7	50,4	52,2	53,2	53,0	53,6
Homes	61,8	60,4	61,0	62,2	62,6	62,6	62,2
Mulleres	41,7	40,0	40,8	43,0	44,6	44,3	45,8

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Media anual.

A pesar do comportamento favorábel que durante o século XXI parece que está a ter a taxa de actividade feminina, incrementouse en torno aos 5 puntos neste período, segue sendo moi baixa; tan só 45,8 mulleres de cada 100 maiores de 16 anos, en Galiza, están traballando ou buscando emprego activamente. Se comparamos coa taxa de actividade masculina a diferenza é de 16,4 puntos no último ano.


Se examinamos a situación do noso entorno, tampouco saímos nada favorecidas.

**[...] a taxa de actividade feminina, incrementouse en torno aos 5 puntos neste período, segue sendo moi baixa**

Taxas de actividade das mulleres:

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Galicia	40,0	40,8	43,0	44,6	44,3	45,8
Estado español	40,4	42,2	43,8	45,1	46,4	47,1
UE (15)	47,2	47,7	48,1			

Fonte: EPA. INE. Media anual.



A pesar de comezar o século cunha situación moi semellante á media estatal, aínda que moi distante da media europea, a medida que o mesmo vai avanzando, as diferenzas van medrando; no último ano a taxa de actividade media estatal supera en perto de punto e medio á galega.

Con respecto á Unión Europea dos 15, a pesar de ser os datos lixeiramente atrasados, reflicten claramente as diferenzas existentes; de media, a taxa de actividade feminina, supera en perto de 5 puntos á media estatal. O Estado español, é despois de Italia e Grecia, o país coa taxa máis baixa. Os países nórdicos destacan polas altas taxas de participación feminina no mercado laboral, en torno ao 60 %.

As baixas taxas de actividade evidencian un problema de acceso ao mercado de traballo, que en parte se explica polo déficit de postos de traballo (de aí as altas taxas de pa-



ro, e a forte emigración, que máis tarde analizaremos) que desaniman a poboación a buscar emprego; pero tamén pola falla dunha rede de servizos sociais que permita traballar a ambos membros da unidade familiar.

Pero tan importante como a taxa de actividade é a taxa de ocupación, é dicir a porcentaxe de mulleres, non só dispostas a traballar, senón que teñen emprego, isto mídese a través das taxas de ocupación.

anos que no ano 2000 tiñan emprego a un 40,5 % no 2006: a pesar do cal as diferenzas con respecto aos homes seguen sendo inadmisíbeis, é dicir medra a taxa de ocupación feminina pero tamén a masculina, o que quere dicir, que se debe máis o momento de *bonanza económica*, (se o medimos en termos de crecemento do Produto Interior Bruto), polo que está atravesando a nosa economía, que o efecto de medidas conciliadoras ou fomentadoras da actividade feminina.

Ao igual que fixemos coa taxa de actividade, é bo comparar co noso entorno, para o mellor coñecemento da realidade.

Se nos comparamos coa media europea, e a pesar que nestes últimos anos o Estado español, e Galicia, experimentaron un crecemento económico moi superior á media europea; no ano 2004, último ano que dispomos de datos, a taxa de ocupación feminina de media na Europa comunitaria superaba en 7,6 a galega.

Temos, polo tanto, unha baixa taxa de ocupación mais cunha evolución positiva nos últimos anos,

Taxas de ocupación das mulleres:

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Galicia	33,8	33,7	35,1	36,0	38,3	40,5
Estado español	34,3	35,2	36,8	38,4	40,7	42,4
UE (15)*		43,2	43,5	43,6		

Fonte: EPA. INE. Media anual.

Estamos atravesando un período positivo no que atinxe á evolución da ocupación feminina (a pesar do cal segue sendo moi baixa), que afecta a todo o noso entorno; desde o ano 2001 a taxa de ocupación incrementouse en Galiza 6,7 puntos, se ben é un medre importante, este é inferior ao da media

pero non só importa a cantidade senón tamén a cualidade do emprego, entendendo a cualidade en sentido amplo: tipo de contrato, duración do mesmo, xornada, salarios...; e é isto o que imos analizar a continuación.

Até a desfeita do sector primario, a muller galega tiña un peso

Taxas de ocupación por sexo:

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Total	43,6	44,2	44,3	45,5	46,0	47,8	49,1
Homes	55,4	55,7	56,0	57,0	56,9	58,1	58,4
Mulleres	32,9	33,8	33,7	35,1	36,0	38,3	40,5

Fonte: EPA. INE. Media anual.

Prodúcese, no período analizado, un nada desprezável medre da taxa de ocupación feminina, dun 32,9% de mulleres maiores de 16

estatal, onde a ocupación medrou 8,1 puntos, aumentando unha vez máis as diferenzas.

**[...] non só importa a cantidade senón tamén a cualidade do emprego, en sentido amplo: tipo de contrato, duración do mesmo, xornada, salarios...**

\* Os datos da UE corresponden ao segundo trimestre de cada ano.



## A cuestión dos salarios, é outro tema onde a muller sofre discriminación; o tan manido 27% que de media cobran menos as mulleres cós homes, pasa por converterse nun problema estrutural da nosa economía

importante no mesmo como axuda familiar. A medida que este vai desaparecendo, as mulleres galegas que traballan, desempeñan as súas funcións fundamentalmente no sector servizos (no ano 2006 o 76% das 502.900 mulleres que traballaron en Galiza, fixérono nalgunha actividade relacionada cos servizos), e primordialmente como asalariadas.

É, ao analizarmos as características das asalariadas cando podemos medir a cualidade destes empregos, comezamos polo tipo de contrato.

fundamos máis no mesmo: por un lado, a situación empeora con respecto ao ano anterior, e por outro, no sector público, a taxa de temporalidade das mulleres duplica á dos homes (32,3 fronte a 16,9%).

Estes dous datos permítenos aseverar, sen ningunha dúbida, que non existe un interese real por rematar con esta lacra da temporalidade. No ano 2006, apróbase a penúltima reforma laboral en aras de incrementar o emprego e reducir a temporalidade, especialmente entre os colectivos con maiores dificultades laborais, entre os que

as mulleres son maioría, para o que se destinan cuantiosos fondos públicos; pois precisamente, neste ano redúcese a taxa de temporalidade masculina, pero a feminina medra, case dous puntos; co engadido de que tamén medra no sector público.

Entronca isto co que dicíamos ao principio, a apatía dos poderes públicos de facer fronte á nova realidade social, limitándose a súa actuación a bonificar determinado tipo de contratos, que ano tras ano se está a evidenciar e que ao único que contribúe é a incrementar os resultados empresariais.

O tema da temporalidade non é un tema baladí, xa que a falla de estabilidade no emprego que de por si condiciona gravemente un proxecto de vida, hai que engadir os baixos salarios que normalmente acompañan este tipo de contratos.

A cuestión dos salarios, é outro tema onde a muller sofre discriminación; o tan manido 27% que de media cobran menos as mulleres cós homes, pasa por converterse nun problema estrutural da nosa economía. Era a diferenza no ano 2002 e mantense na actualidade. Fallo do ano 2002, porque a última información de salarios de forma desagregada e con certa profundidade data dese ano, trátase da enquisa de estrutura salarial 2002 do INE. Esta enquisa, de ámbito europeo, evidencia, non só, as diferenzas entre sexos, senón tamén entre tipo de contrato, e demostra, que, en xe-

Poboación asalariada por tipo de contrato e sexo:

	Total		Homes		Mulleres	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
<b>Persoas asalariadas</b>						
Total	840,9	890,7	486,6	505,8	354,2	384,9
Contrato indefinido	547,4	580,2	323,6	344,1	223,8	236,1
Contrato temporal	293,5	310,5	163,0	161,7	130,4	148,8
<b>Asalariado sector público</b>						
Total	182,8	188,6	87,5	86,9	95,2	101,7
Contrato indefinido	135,1	138,8	69,8	70,0	65,3	68,8
Contrato temporal	47,6	49,8	17,7	16,9	29,9	32,9
<b>Asalariado sector privado</b>						
Total	658,1	702,1	399,1	419,0	259,0	283,2
Contrato indefinido	412,3	441,4	253,8	274,2	158,5	167,3
Contrato temporal	245,8	260,7	145,3	144,8	100,5	115,9

Fonte: EPA. INE. Media anual.

Se ben a temporalidade no emprego é un problema social, que afecta unha parte moi importante da sociedade, as mulleres vense en maior medida prexudicadas; de media, a temporalidade afectou ao 38,6% das mulleres asalariadas en Galiza no ano 2006 (31,9% dos homes), dado que se agrava se apro-

Porcentaxe de asalariados/as por tipo de contrato:

	Total		Homes		Mulleres	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
<b>Asalariados</b>						
Total	100	100	100	100	100	100
Contrato indefinido	65,1	65,1	66,5	68,0	63,1	61,3
Contrato temporal	34,9	34,8	33,5	31,9	36,8	38,6

Fonte: EPA. INE. Media anual.

ral, os traballadores galegos cun contrato temporal teñen unhas remuneracións un 38 % inferiores aos seus homólogos con contrato indefinido. Ao afectar a temporalidade especialmente ás mulleres, a conclusión é sinxela e clara.

Non de salarios, pero si de ingresos salariais anuais temos dados máis recentes facilitados pola Axencia Tributaria, que a diferenza do primeiro, aporta datos dos ingresos anuais dos asalariados, pero sen ter en conta os días traballados, é dicir, teñen o mesmo tratamento os ingresos de quen traballou todo o ano a tempo completo có de quen o fixo un mes e a tempo parcial, por poñer un exemplo; pero permítenos ver cal é a situación económica dos e das asalariadas en Galiza, que como dixemos anteriormente, son a inmensa maioría da clase traballadora.

Como anticipabamos anteriormente, mantense a diferenza do 27% de ingresos medios entre sexos, pero cando distribuimos por tramos de ingresos, permítenos unha maior profundización, descubriendo un panorama desalentador, especialmente para as mulleres.

As principais conclusións da táboa anterior son as seguintes:

- ▶ O 36,4% das mulleres que traballan en Galiza, fronte ao 20,6% dos homes, tiveron uns ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional (SMI), no ano 2005.

- ▶ O salario do 69,4% das mulleres non supera os ingresos salariais medios galegos, que foron de 14.887 € anuais no ano 2005.

- ▶ Só o 10% das persoas galegas de maiores ingresos son mulleres.

- ▶ Por tramos de salarios, o grupo máis numeroso de homes sitúase no de 1,5 ata 2 veces o SMI. No

caso das mulleres, no que non acadou o 0,5 do SMI.

Vemos que os problemas non rematan con atopar un posto de traballo, para a maioría das mulleres asalariadas en Galiza os ingresos por salarios non lles permiten vivir sen outro tipo de recursos.

Até aquí, tentouse, con maior ou menor acerto, describir a situación das mulleres traballadoras galegas, pero non podemos esquecer as paradas, esas miles de mulleres, que aínda querendo traballar, levan anos engrosando as listas de desempregadas neste país.

Taxas de paro por sexo:

	Total		Homes		Mulleres	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
Total	9,9	8,5	7,2	6,1	13,5	11,4
de 16 a 24 anos	21,0	18,0	16,4	14,0	26,7	23,3
de 25 a 54 anos	9,0	7,7	6,3	5,1	12,5	10,9
de 55 e máis anos	6,2	5,9	5,0	5,7	8,1	6,1

Fonte: EPA. INE. Media anual.

Ingresos salariais por sexo, ano 2005:

Tramos de salario	Persoas asalariadas			Ingreso salarial Medio Anual		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.063.340	627.715	437.625	14.887	16.742	12.225
De 0 a 0,5 SMI	160.160	72.494	87.666	1.558	1.573	1.546
De 0,5 a 1 SMI	128.825	57.142	71.683	5.430	5.432	5.426
De 1 a 1,5 SMI	148.532	70.547	77.985	9.063	9.087	9.042
De 1,5 a 2 SMI	208.310	141.708	66.602	12.615	12.702	12.428
De 2 a 2,5 SMI	131.867	90.410	41.457	15.945	5.900	16.043
De 2,5 a 3 SMI	74.800	50.021	24.779	19.578	19.606	19.520
De 3 a 3,5 SMI	54.300	38.135	16.165	23.295	23.284	23.320
De 3,5 a 4 SMI	41.401	25.430	15.972	26.872	26.831	26.937
De 4 a 4,5 SMI	32.987	19.489	13.498	30.443	30.460	30.417
De 4,5 a 5 SMI	23.134	14.914	8.220	33.918	33.966	33.832
De 5 a 7,5 SMI	43.831	32.950	10.881	42.660	42.833	42.137
De 7,5 a 10 SMI	11.227	9.146	281	61.094	61.164	60.787
Más de 10 SMI	5.966	5.330	636	108.520	109.668	98.902

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria.

No ano 2006, 65.000 mulleres estiveron buscando emprego activamente en Galiza, (o 60% da poboación parada), o que implica unhas taxas de paro do 11,4%, practicamente o dobre que a poboación masculina.

As altas taxas de paro, os baixos ingresos..., en resumo, a problemática situación laboral, obriga moitas mulleres a atopar na economía mergullada ou na emigración, (prodúcense maiores movementos migratorios de mulleres que de homes) a solución aos problemas, que os poderes público non axudan a resolver, ao enténdelo como un problema privado, e non como algo social. ☹

# A secretaria xeral de **AMMAR** visita Galiza

Non se cambia o sistema  
só con determinados  
traballadores, cambia  
con todas

Os cambios sociais,  
políticos e culturais  
nun país fanse con toda  
a clase traballadora

entrevista





No mes de febreiro tivemos a visita de Elena Reynaga, secretaria xeral de AMMAR, secretaria executiva de Redtrasex e secretaria de Actas da Mesa Nacional Executiva da CTA. Participou en Galiza de distintos coloquios e encontros convidada pola Federación Galega de Asociacións de Emigrantes Fillos do Mundo. Nesta entrevista, realizada con motivo dunha charla-coloquio que se celebrou no Salón de Actos da CIG da Comarca de Vigo, relata a súa experiencia e como decidiron auto-organizarse as prostitutas na Arxentina, a súa integración na Central Arxentina de Traballadores e as súas demandas a día de hoxe.

Elena Reynaga comezaba a súa conferencia na cidade de Vigo diante dunha maioría de persoas migrantes, latinoamericanas, subliñando a relación coa moral e a influencia da Igrexa nas nosas cabezas e a visión que podíamos ter dela e das súas pares. Muller, sindicalista non convencional e, aínda por riba, puta; máis non se podía pedir. A organización non é fácil para ninguén, pero moito menos para as traballadoras sexuais; Reynaga visibilizaba que hai moitos intereses por baixo do traballo sexual, mesmo moitas persoas que viven da prostitución allea, e moitos poderes intrusos [xudicial, político, policial].

Traballou varios anos no Estado español e sinte que moitas cousas non mudaron. Pola contra, desde o seu traballo nas rúas de Arxentina, nesas esquinas, e con moitas outras mulleres que conforman AMMAR conseguiron moitas pequenas cousas: a realización de talleres sobre prevención das ETS e SIDA, violencia de xénero, creación dunha escola, dun comedor comunitario, e unha brutal perseveranza das mulleres que loitan polo base e no día a día para acadar que a prostitución sexa legal. E dalgún xeito a súa viaxe foi un primeiro contacto para incentivar o traballo dun pequeno grupo de persoas que desde a cidade de Vigo teñen vontade e queren comezar xa a intervir, colaborar e dar voz ás que non teñen voz, a ese inmenso número de mulleres que son as traballadoras sexuais no noso país.

**ZG: Como nace a organización AMMAR (Asociación de Mulleres Meretrices da Arxentina)?**

ER: Comezou no ano 1994 porque sufríamos unha constante represión policial. Viñamos de padecer un proceso militar moi duro, e aínda que a historia dos dereitos humanos non fala de nós, o certo é que o pasamos moi mal durante ese período. Iamos 30, 80, 90 días detidas. Dependía. Non sabíamos cando íamos saír. Na democracia, tampouco mudou demasiado a situación. O único que se definía era que as detencións non podían superar os 21 días de cárcere. Pero eran hoxe 21 días e logo outros... e tranquilamente estabas oito meses en prisión polo único delito de ter nacido pobre. Un bo día decidimos cambiar esa situación e comezar a facer algo por nós mesmas. Iniciamos a nosa andaina con dúas antropólogas que estaban realizando un traballo sobre a prostitución na vía pública. Contáronnos que existía unha organización, AMEPU, en Uruguai, que leva xa vinte e oito anos legalizada, que conseguira o recoñecemento das prostitutas como traballadoras, a xubilación. Aí comezamos a pensar que se elas o conseguiran, por que non nosoutras? Aínda que nese momento non nos considerabamos traballadoras, só prostitutas. Comezamos a xuntarnos nos bares, nas zonas nas que traballábamos. Pero cando o gran patrón viu o que se estaba xestando e que iso podía ir contra os seus intereses económicos incrementou as súas ameazas, chegando a policía a sacarnos de dentro dos bares onde celebrábamos as xuntanzas. A través dun compañeiro de ATE (Asociación de Traballadores do Estado) facilitóusenos un lugar no seu sindicato dos traballadores para xuntármolos. Pero ese sindicato era xusto nunha zona de traballo sexual e alguén informou á policía de que nos estábamos reunindo aí e cando saímos, aos 100 metros, levábanos a todas detidas. O compañeiro suxeríunos que faláramos coa CTA e en marzo de 1995, ingresamos na central de traballadores.

ZG: Como é o proceso no que decidides formar parte da central sindical arxentina CTA?

ER: Non tiñamos ningunha militancia política ningremial nin formáramos parte de ningunha organización de outro tipo. Só sabíamos que non queríamos volver ir detidas pero nin sequera concibíamos ese desexo como unha reivindicación. Eramos tan brutas que non sabíamos nin que tiñamos dereitos. Malia todo, levamos esa reivindicación e no ano 1998 conseguimos a derogación da lexislación pola que se permitía que nos detiveran. Canto á nosa relación coa CTA, ao principio estabamos no soto e as oficinas, arriba. Todo ía ben mentres non nos viran alí. Non nos molestaba, porque nos autodiscriminábamos. Quen si viña a vernos era Víctor D'Genaro, secretario xeral da CTA, a preguntarnos, a coñecer a nosa realidade, a nosa situación, as nosas demandas. Nós criamos que todo o mundo o sabía, pero o certo é que descoñecían que nos pegaban, que nos sacaban os cartos e que mesmo nos violaban dentro dos calabozos. A xente non nos consideraba persoas, nin sequera nós. Eramos simplemente unha *cousa* para a esquina. Unha *cousa* que a moita xente non lle gusta ver. Pero fomos aprendendo que somos un suxeito que está parado nesa esquina. Un suxeito que ten toda unha historia detrás e que como consecuencia da pobreza, da desigualdade, acabamos parando no traballo sexual. Seguimos falando co compañeiro Víctor D'Genaro e tamén con Héctor Picone, periodista e secretario de Prensa da CTA e no ano 1997 Víctor decidiu darnos un lugar arriba. Un lugar moi estratéxico, que nós chamamos a peixeira, porque está rodeado de vidro e no medio de todas as oficinas. Quen vai á CTA e non ve AMMAR non ve máis nada, porque é unha oficina moi alegre, con moitos vermellos, moitos folletos e moi rechamante para que se atreveran a mirarnos á cara. Foi moi duro e ao principio o máis duro foi coas mulleres, porque as compañeiras pensaban que nós iamos exercer o traballo sexual dentro da CTA e que lles iamos sacar os compañeiros. Había ademais moitos medos e moito descoñecemento, o que provocou que houbera moita discriminación, moitas pelexas e mesmo pecharnos a porta. Iamos ao baño e xa non entraba ninguén máis. Foi realmente duro. Até que un bo día decatámonos de que moita xente discrimina desde o descoñecemento dunha realidade e non da *mala leche*, así que elaboramos unha carta para facer chegar a todos os compañeiros e compañeiras o que sentíamos e o que queríamos. Resultou unha carta moi

A respecto do abolicionismo, trátase dunha definición que nin foi elaborada por nós nin puidemos participar. Foron un grupo de mulleres as que o definiron e países que se adheriron

dura pero moi conmovedora e con moito sentimento. O compañeiro de prensa leuna e propuxo publicala na tapa da revista da CTA, no diario. Obviamente non pediu autorización á mesa nacional, porque sabía que lle ían dicir que non. Lanzouse só e iso case lle costa o posto. Esa carta foi moi importante na nosa vida e na vida da CTA.

ZG: A partir de aí, como se desenvolveu a vosa actividade en relación coa central sindical?

ER: Comezaron a vernos como mulleres comprometidas, responsábeis á hora de pelexar como calquera outra muller, como calquera outro traballador e coído que non lles quedou outra que integrarnos. Nun dos congresos nacionais aos que asistimos da CTA pasounos unha cousa moi curiosa. Mentres o resto agardaban polas acreditacións, pasou un grupo de mestras, estaban moi anoxadas, dicían «que atrevemento que as putas se consideren traballadoras e que a CTA por riba as acepte!»; cando regresei as *chicas* estaban chorando. Busquei a Comisión de Gremial que é a de maior participación, para poder dicir que se falaban de clase, de que había que integrar á clase, nós éramos parte dela e tiñan que nos integrar, abrírnos a cabeza e o corazón, cambiar o modelo... Non se cambia o sistema só con determinados traballadores, cambia con todas. Cos que teñen emprego e cos que non, cos que teñen un traballo que lles gusta e cos que non. Os cambios sociais, políticos e culturais nun país fanse con toda a clase traballadora e hai que deixar de ser sectarios.

ZG: Como influíu a vosa integración na CTA na adquisición desa conciencia social, política e ideolóxica?

ER: Se hai unha marcha de mestres nós imos, porque a educación tamén ten que ver con nós. Non é só a reivindicación do mestre, tamén é unha realidade nosa. Se o mestre ten bo salario, vai poder ir todos os días á escola e non vai ter que facer tantos

paros e iso repercute nos meus fillos e en min. Se hai unha reivindicación da saúde asumímola tamén como propia, partindo de que cada reivindicación de cada traballador é unha reivindicación nosa porque somos todos traballadores. Iso aprendémolo na CTA. De seguir soas teríámonos convertido nunha ONG para repartir profilácticos e, seguramente eu, hoxe, non estaría aquí falando contigo, nin percorrendo o mundo para dar conta das nosas reivindicacións. Agora son secretaria de Actas na Mesa Nacional e en ningunha parte do mundo ningunha traballadora sexual forma parte da executiva dun sindicato. Teño voz, teño voto e cústame como lles custa a todas as mulleres en todos os movementos, non só no ámbito político ou sindical.

**ZG:** Que opinións/aportacións/pensamentos tedes desde AMMAR sobre as/os defensoras da abolición da prostitución?

ER: A respecto do abolicionismo, trátase dunha definición que nin foi elaborada por nós nin podemos participar. Foron un grupo de mulleres as que o definiron e países que se adheriron. Pola contra, o termo traballo sexual si que o definimos nós. No ano 1987 houbo un encontro de prostitutas en Nova York, no que participaron *chicas* de todo o mundo, onde acordaron definirse como traballadoras sexuais e comezaron a pelexa á que nós posteriormente nos adherimos.

Malia todo, coido que o abolicionismo está mal entendido. É como a Biblia ou como o Código Penal, que ten diferentes interpretacións en función do

que lle interese a cada avogado ou a cada xuíz. Hai partes nas que estou de acordo como onde di que se deben xerar programas para a reinserción das prostitutas. Agora ben, non hai un só país do mundo no que se puxera en marcha un programa de reinserción. Pola contra, entendérono como que hai que abolir a prostitución levando detidas ás compañeiras, facendo lexislacións nas que se prohibe a oferta e a demanda, e iso, en realidade o único que xera é negocio para certas persoas e moita violencia para as mulleres. Nós consideramos que temos que ser nós mesmas as que decidamos, que ninguén nos ten que temer, que queremos estar no debate, que somos maiores de idade e que estamos neste traballo por consentimento propio. Outra cousa é a trata de persoas, a prostitución forzada, a explotación das nenas e os nenos, co que, por suposto, non estamos de acordo. Pero é algo do que os estados deberían facerse responsábeis dando garantías e non limitando a súa actuación a levarnos presas e ignorándonos. Ese non é ningún programa de reinserción.

**ZG:** Contades co apoio do feminismo, cal é a vosa relación?

ER: Eu traballo para defender os dereitos humanos, as nosas reivindicacións como mulleres, a equidade e a igualdade, para min iso é o feminismo. Son respectuosa do pensamento da outra. Un día díxenlle a unha compañeira feministalésbica, que eu non decidín como ela se tiña que chamar, nin sobre as trans ou a comunidade gai. Decidiron por si propias, e por que non respectar que nós mesmas







**Eu traballo para defender os  
dereitos humanos, as nosas  
reivindicacións como mulleres,  
a equidade e a igualdade,  
para min iso é o feminismo**

decidamos como nos queremos chamar e se queremos ou non traballar aquí. É unha discusión que só nós podemos dar porque o corpo é noso e ninguén ten o poder sobre nós. Xa basta de que pensen no que é bo para nós, e basta tamén de que se enchan de cartos a costa das *pobriñas prostitutas*. Neste sector tamén hai moita hipocrísia, porque mentres falan das pobriñas, teñen grandes recursos económicos, mesmo de axencias internacionais, e elas andan en Mercedes Benz mentres eu ando en alpargatas.

**ZG: Cales son as vosas principais demandas?**

ER: Ser recoñecidas como traballadoras sexuais e ter os mesmos dereitos e deberes que o resto da clase traballadora xa sería para nós moito. Como movemento arxentino e latinoamericano chamamos a todas as mulleres a ingresar nunha central sindical, porque o cambio na sociedade depende de todos e de todas. Quero que os traballadores teñan os salarios que realmente se merecen; quero que as mulleres teñamos a igual traballo igual salario; que esteamos nos espazos onde se toman as decisións, polo que nós valemos, como mulleres con dereitos e con capacidade.

**ZG: Como funciona a rede latinoamericana?**

ER: A rede creámola no ano 1997 e desde aquela deu moitas voltas, porque non é o mesmo estar nun país que estar en varios con diferentes culturas. Hai aproximadamente tres anos logramos sacala adiante a pesar de todas as dificultades. Hai que ter en conta que a nós ninguén nos daba cartos, outra discriminación: as putas non poden manexar cartos porque poden roubalos, como se nas outras organizacións non se roubaran os cartos, pero nós cargamos con todos os estigmas. O

certo é que demostramos que podíamos sacar adiante esta rede e agora financia REDTRASEX unha axencia de Londres, alianza internacional para a SIDA, e por sorte podémonos xuntar

A acción de AMMAR fixo posíbel a derogación dos edictos policiais e a despenalización da prostitución de rúa na cidade de Bos Aires por un breve período, até a reforma do artigo 71 do Código Contravencional o 4 de marzo de 1999, que volveu sancionar a oferta de sexo na vía pública en determinados casos.

No 2003 Elena Reynaga foi a encargada do peche do II Encontro sobre VIH-SIDA de Latinoamérica e Caribe, que tivo lugar en Cuba. Na actualidade, AMMAR conta con representación en máis da metade das provincias de Arxentina.

### **O asasinato de Sandra Cabrera**

Nesta conferencia á que asistimos tamén houbo un momento para lembrar a figura de Sandra Cabrera, loitadora incansábel, sempre na memoria. Realizamos a continuación un pequeno resumo da súa inestimábel aportación á reivindicación das mulleres traballadoras sexuais –que coñecemos grazas a Reymaga–.

O 27 de xaneiro de 2004 foi asasinada Sandra Cabrera, secretaria xeral de AMMAR en Rosario. Esta muller presentara denuncias contra algúns axentes da policía local, acusándoos de corrupción e de pedir diñeiro ás traballadoras sexuais do lugar a cambio de deixalas exercer o seu traballo. Por este motivo, recibiu ameazas, tanto na súa contra como na da súa filla. En novembro de 2003 recibiu unha brutal malleira no seu domicilio e foi ameazada para que deixase de realizar denuncias. Ela nunca calou. Foi asasinada dous meses despois dun tiro na cabeza, e o seu corpo apareceu preto da estación de buses de Rosario. ☞

# De oficio... puta

 MONTSE NEIRA

Pois si, iso é o que teño que responder cando me preguntan en que traballo, e a diferenza doutros oficios e profesións teño que levar esta etiqueta con carácter pexorativo, xa que se presupón que se me dedico a utilizar o meu corpo para gañarme as lentellas, son unha viciosa ou unha delincuente, cando en realidade ademais de exercer a prostitución, son estudante (estou a piques de licenciarme), ama de casa, nai...

Teño 46 anos, nacín nun contexto marxinal, o meu pai era alcohólico e maltratador. Aos 13 anos tiven que poñerme a traballar, xa que apenas tiñamos para comer, tiven que deixar os estudos. Aos 17 anos, casei, crín que namorada, pero en realidade quería fuxir daquel inferno e volvíñ repetir a historia da miña nai, só que eu

non aturei, e separeime enseguida, xa cun fillo. O meu marido desapareceu da miña vida, quedei soa cun fillo que sacar adiante. Pese a non ter estudos, por aquel entón aínda era relativamente fácil encontrar traballo e recordo que cando xa non estaba nun sitio, en cuestión dunha semana xa estaba noutro. Durante uns anos traballei en serigrafía, dependenta de diferentes ámbitos (alimentación, calzado, téxtil) e de administrativa nunha correduría de seguros, en venta de froita e verdura ao por maior e de camareira. A miña vida era moi complicada xa que tiña que compaxinar o traballo co coitado do meu fillo. Pero dentro de todo levaba una vida *normal*.

A miña cruz comezou, cando en 1989, quedei no paro. Facía xa uns anos que estaba traballando

naquela empresa e eu pensaba que me xubilaría alí, pero unha pelexa entre os socios levou ao peche da mesma e os empregados quedámonos na rúa. Realmente acumulara moita experiencia, pero non tiña estudos que avalaran, e a pesar do que me movín sempre me rexeitaban, estaba fóra do mercado laboral. Así esgotei a prestación do paro e cando practicamente xa estaba na rúa (levaba dous meses sen poder pagar o aluguer) foi cando decidín prostituírme.

Realmente non sabía nin que tiña que facer, nin onde acudir, pero comprei a prensa e aí vin os anuncios: «precísase muller liberal que queira gañar moito diñeiro». Ben, eu non me consideraba unha muller liberal. Pola miña educación, cría firmemente que o sexo só se podía practicar co amor da túa vi-

**Xamais me sentín humillada por ningún home que teña contratado os meus servizos (si por algúns dos donos dos pisos ou locais para os que teño traballado) pero xamais por ningún cliente**



da, que ademais era pecado se tiña relacións con máis dun home. Pero naquel momento eu xa non tiña nada que perder e importábame un pemento a miña virtude. Así que chamei a uns cantos anuncios e me dirixín a unha das direccións que me deran. Era un piso moi cutre, vello, había catro mulleres e xa me fixeron facer o meu primeiro servizo, unha felación que apenas durou cinco minutos e eu non tiven nin que espirme, déronme 3000 pesetas de entón e eu alucinaba, xa que para gañar ese diñeiro tiña que traballar doce horas e aguantar uns xefes que me humillaban constantemente. Porque chegado este punto, teño que dicir que ningún dos traballos que teño realizado na miña vida laboral foi por vocación, que xamais me sentín realizada, que sempre, por un motivo ou outro tiña que aguantar humillacións, sentíame un trebello inútil, (incluso sufrín acoso sexual por parte dun xefe). Ao contrario que exercendo a prostitución, en todos os sitios que teño estado os clientes trataronme ben, ningún me fixo facer nada que eu non quixera.

O que si é certo é que a partir dese momento a miña vida cambiou totalmente. Tiña medo de que os meus amigos e coñecidos soubesen o que facía. Pola miña familia non tiña ningún problema, xa que apenas había relación. Tampouco descartaba a posibilidade de coñecer un home con quen volver casar, así que tiña que mentir constantemente. Traballei en varios sitios, de diferente nivel (o nivel defínese polas tarifas, desde 30 a 300 euros e a diferenza está, basicamente, na decoración), puiden aforrar o suficiente para ademais de pagar as miñas débedas, comprar un piso. Estabiliceime economicamente e... emocionalmente. Así é como, por moito que lles pese a moitas persoas, exercer a prostitución tenme salvado a vida. Xamais me sentín humillada por ningún

home que teña contratado os meus servizos (si por algúns dos donos dos pisos ou locais para os que teño traballado) pero xamais por ningún cliente. O feito de ter que aturar xornadas laborais de 12 horas impostas polos donos/as e que ás veces querían manipularme, meténdose coa miña maneira de vestir ou maquillarme, non pasarme clientes que preguntaban por min e incluso inducirme ao consumo de drogas (afortunadamente non caín) fixo que me reformulara a miña vida e así foi como me decidín a independizarme. Comprei un pequeno apartamento onde poder recibir os meus clientes e desde entón traballo para min. Impúxenme unha disciplina, dinme conta de que non necesitaba traballar máis de cinco horas diarias, así que decidín poñerme a estudar, aprobei



o acceso para maiores de 25 anos á universidade e xa estou a piques de rematar a carreira de Ciencias Políticas.

Actualmente compaxino os estudos co exercicio da prostitución e os labores do fogar. Gaño moi ben a vida, non me falta de nada e o máis importante é que xa non me escondo de nada nin de ninguén, xa que non sinto medo polo que poidan pensar de min.

De todos estes anos, as miñas conclusións son que o feito de exercer a prostitución non é sinónimo de que unha muller quede anulada como persoa, de que non poida expresarse sexualmente, de que o home que acude a estes servizos sexa un perverso ou un vicioso.

Analizar a prostitución é algo moi complexo, a tendencia a xeneralizar non reflicte a realidade senón unha concepción preconcebida totalmente errónea. É certo que hai unha parte de mulleres que están sendo explotadas, pero só é unha parte mínima e para rematar con esta lacra está o Ministerio do Interior e demais administracións públicas.

É certo, que moitas das mulleres que exercemos a prostitución non o facemos por vocación, pero non é menos certo que a maioría de empregos que exerce a xente tampouco son por vocación. É certo que hai mulleres que exercen a prostitución que sofren depresión e problemas psicolóxicos, eu tamén pasei por eles, pero non é por ter que manter relacións sexuais con homes que non lles atraen (o diñeiro que gañamos compénsanos de sobra), senón polo contexto clandestino no que temos que estar, ao non poder falar con normalidade do traballo coa familia e os amigos, ao ter que estar mentindo constantemente aos seres queridos, polo rexeitamento que se sofre da sociedade e porque o sexo, na nosa cultura está sacralizado, e se nos fai

crer que ter relacións sexuais, fóra do ámbito da parella socialmente aceptada, é algo denigrante para o ser humano. Así mo foron manifestando todas as mulleres que funcoñecendo ao longo de todos estes anos. O medo da maioría delas é ao rexeitamento da sociedade. É moi importante ter en conta isto, hai colectivos de traballadores como os mestres ou médicos que son os que sofren máis baixas laborais por depresión (iso si, son profesións moi dignas) e Richard Sennett en *La corrosión del carácter* analiza como as condicións de traballo do chamado novo capitalismo inflúe no carácter das persoas e fai que perdan a súa dignidade, xa que non poden desenvolver todo o seu potencial como persoas. Sinceramente penso que se deberían concentrar os esforzos en traballar pola igualdade de oportunidades de xénero. É un feito demostrado a feminización da pobreza. A maioría de mulleres que eu coñecín nos meus inicios, eran mulleres solteiras con fillos, separadas o viúvas con fillos. A maioría das mulleres que actualmente están exercendo a prostitución en España son inmigrantes que o único que buscan é mellorar a súa calidade de vida con respecto ao seu país de orixe, calidade de vida que non conseguen na maioría de traballos que ofrece hoxe o mercado, con soldos que non dan nin para pagar unha vivenda. E estou deixando de lado ás mulleres que, a pesar de que a súa vida é folgada, prefiren vivir con máis luxo ou ás universitarias xoves que queren ter cartos para os seus caprichos, e que representan unhas cifras nada desdixnables. Non quero entrar agora no debate de por que existe a prostitución, pero si que considero importante, máis que debater sobre se legalizar ou prohibir a prostitución cos discursos actuais, primeiro de todo, centrar todos os esforzos na loita pola igualdade de

oportunidades entre os dous xéneros, pero máis que nada para que a prostitución non sexa a única alternativa que ten a muller (e algúns homes) para sacar adiante unha familia e cubrir unhas necesidades básicas. E o que tamén habería que evitar son os intermediarios.

Aínda, en todos estes anos, ninguén me argumentou coherentemente por que é máis digno freagar e limpar lavabos gañando 600 euros ao mes que ter relacións sexuais con homes conseguindo desta maneira quintuplicar este soldo. Aínda ninguén me dixó por que é digno pagar para conseguir a alimentación básica (algo que é vital) e en cambio é perverso pagar para



Montse Neira

conseguir pracer e diversión a través do sexo. Francamente, non o entendo. Como xa dixen en máis dunha ocasión, a dignidade das mulleres que exercemos a prostitución, en definitiva a dignidade como seres humanos, non está nos xenitais. O respecto que como ser humano merezo só o sentirei cando esta sociedade na que me ten tocado vivir me facilite todos os instrumentos ou recursos para que poida desenvolver todo o meu potencial, e cando nun futuro busque outro traballo e eu poña no meu currículo vitae que teño traballado de puta, esta experiencia que tanto me deu sexa valorada polo departamento de RR. HH. da empresa en cuestión. 6



Entrevista a

# Françoise Collin

ALBA RODRÍGUEZ SAAVEDRA  
LAURA GÓMEZ LORENZO

Os días 12 e 13 de decembro do pasado 2006 a Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago realizou unhas xornadas en torno ao pensamento da filósofa xermana Hannah Arendt, con motivo do centenario do seu nacemento, que levaban como subtítulo «Pensar en tempos escuros». Entre as persoas expertas no traballo de Arendt, figuraba a intelectual feminista de orixe belga Françoise Collin, pertencente ao Collège International de Philosophie

de París. Neste congreso internacional pronunciou a conferencia «Hannah Arendt: pluralité et natalité» e presentou a edición española do seu libro *Praxis de la diferencia. Liberación y libertad* (Barcelona, Icaria, 2006).

Agradecemos á profesora M.<sup>a</sup> Xosé Agra, colaboradora da revista, a oportunidade que nos brindou de poder entrevistar a esta figura senlleira no panorama do pensamento feminista europeo.

## A primeira etapa de *Cahiers* foi moi salvaxe, inventámolo todo, non había estudos feministas, non había nada

**A:** A revista *Cahiers du GRIF*, editada dende os seus comezos en 1973 por vostede, está escrita en lingua francesa. Por que optaron por esa lingua dado o ámbito de conflito entre os falantes dos idiomas oficiais de Bélxica?

FC: Neses anos o feminismo acababa de nacer, nos setenta, non había aínda ningunha outra iniciativa, logo houbo máis, claro, e fóronse especializando, non lembro agora todos os títulos, mais eu síntome moi orgullosa de dicir que a nosa foi a primeira revista feminista en lingua francesa. Eu sempre falei francés e estaba moi vinculada a Francia, tiña moita relación con ese país. No comité de redacción daquela só contabamos con dúas mulleres de orixe flamenga. Si que de feito había un movemento reivindicativo na zona de Flandres, mais nós tiñamos un forte vínculo de relación e de amizade con xente francesa. Ademais, proviñamos dun ambiente de cultura e de lingua moi próximo a Francia, eu en especial, e, claro, cando decidimos facer a revista fixémosla nunha lingua. Se queredes, é posible que non tivésemos a riqueza necesaria, de feito era xa abondo complicado como para editala en dúas linguas. Si é certo que había proxectos de revistas ou xornais daquela en Flandres, e había un bo entendemento con eles, pero, en fin, unha revista ou un libro faise nunha lingua e a nosa era o francés. Se fósemos un amplo grupo de traballo ao mellor sería diferente. Doutra banda, a Bélxica deses anos non era a de hoxe, na actualidade hai un aumento dos rexionalismos que antes non existía. De todas as maneiras, eu non pretendía con iso manter unha postura contraria a outras persoas.

**A:** Que balance faría destes trinta e tres anos de traectoria da revista?

FC: Que vos podó contar! Creo que, ata o final, o que conseguimos foi estar en consonancia con cada época. É dicir, identificamos a problemática do momento. Ao principio tiñamos que identificar as grandes problemáticas, e unha vez asumido que había un problema xa fose de lingua, de familia, do corpo, etc., tiñamos sinalados os principais

temas de sociopolítica para nun segundo momento podermos volver sobre esas cuestións dunha maneira un pouco máis teórica. A maior parte de nós eramos intelectuais, pero consideramos importante centrámonos nas principais problemáticas. A primeira era o porqué do feminismo, despois creo que o corpo, logo a cuestión do traballo dentro da casa, para demostrar que iso era un traballo, a continuación foi o tema de «fala francés?», porque non hai unha lingua masculina nin unha lingua feminina. Identificamos todos os puntos progresivamente. Síntome bastante contenta cando reviso todos os números do principio porque todos eles foron progresivamente identificando puntos importantes para logo deviren os puntos da nosa loita.

Unha vez feito este primeiro proceso, volvemos sobre eles dunha maneira máis teórica, reflexionando sobre todo isto. Nunca foi unha revista teórica en esencia, de feito nos primeiros tempos intentamos redactala cunha linguaxe que coidabamos común a todas as persoas. Queríamos falar como todas as mulleres, coma as da rúa. Era divertido, porque en Francia diciannos sempre o ben que estaba a revista porque empregaba unha linguaxe moi sinxela, mentres que en Bélxica comentábannos que era demasiado intelectual. É moi complicado atopar a lingua exacta, non pode ser nin moi populista nin moi cerebral.

Coido que a nosa primeira xeira estaba máis artellada de testemuños, cunha linguaxe máis directa. De feito, para cada número faciamos unha xuntanza, anunciabamos o tema, e buscabamos as orixes da cuestión. Logo, obviamente, redactabamos un artigo sobre iso empregando unha linguaxe propia da escrita, mais sempre cunha xuntanza previa con mulleres provenientes de moi distintos ámbitos sociais. Así se fixo, pois, a primeira serie da revista, logo retomamos o noso traballo, pero dunha maneira máis elaborada, porque sentiamos a necesidade de refinar un pouco o noso labor.

Nunca intentamos ser nin empregar termos demasiado especializados, si é certo que a partir do segundo período, é dicir, a partir dos anos oitenta máis ou menos, cando eu xa marchara a vivir a París, era un pouco máis teórica e xa incorporáramos tamén certos puntos de vista que se desenvolvían en Francia. Así que houbo dous períodos. O terceiro, sería, en todo caso, unha revista de corte universitario, mais nese momento eu xa cría que o noso labor estaba completado, dado que daquela comezaran xa os estudos de xénero nas uni-



**Eu non identifico a vida política coa representación de partidos, para nós a vida política era, como principio feminista, considerar que todo era política, é dicir, que todas as nosas accións en todos aspectos da vida son igual de importantes**

versidades e o tema centrábase nun plano teórico. Ademais, tal e como acontece con vós, ningunha percibía un soldo, cada unha de nós abandonara o seu traballo persoal, eu deixara de lado a miña ocupación e, despois de todo este tempo de dedicación exclusiva á revista, empecei a me sentir un pouco infeliz, para ser franca; non me importou dedicar tantos anos e tanto esforzo á revista, mais tamén tiña de ganas de retomar os meus labores persoais.

Puidemos facer unha revista universitaria ou institucional, pero non nos interesaba. Agora hai publicacións de todo tipo, sociolóxicas, por exemplo, e nós puidemos continuar tamén, teríamos que buscar apoios, sobre todo económicos, xa sabedes vós, pero tiñamos ganas, eu en particular, de volver ás nosas pescudas persoais, de implicar o rol feminista co traballo de cada unha. Polo tanto, puidemos tanto parar como continuar, pero cando xa non queda nin o entusiasmo nin a certeza de ser necesarias é mellor pasar páxina. A primeira etapa de *Chaiers* foi moi salvaxe, inventámolo todo, non había estudos feministas, non había nada.

**A: Considera vostede que as reivindicacións feministas en Francia intentaron saldarse coa asimilación das mulleres na paridade política?**

FC: O noso obxectivo, dende o meu punto de vista, nunca foi o de simplemente entrar a formar parte da estrutura política, eu non identifico a vida política coa representación de partidos, para nós a vida política era, como principio feminista, considerar que todo era política, é dicir, que todas as nosas accións en todos aspectos da vida son igual de importantes. En Francia sempre houbo moi poucos investimentos dentro dos partidos políticos a prol do feminismo. Ás veces atopamos aliados dentro deles, pero nunca foi unha cuestión que recibise atención. Para nós política non significa sistema de representantes e de representación, consideramos que vivimos politicamente

cando facemos xuntanzas para logo obter certas cousas, como ocorreu aquí coa lei de violencia, na que eu participei; polo tanto non se trata tanto de ter representantes políticos, aínda que si intentamos logo que unha muller sexa quen se encargue de defender ese proxecto.

Eu penso que, na nosa concepción, a política non é só a representación e non funciona só nas leis, é tamén a transformación das persoas, da conciencia de cada un, e sen esa transformación as cousas non mudarían nunca, porque hai moreas de cuestións que escapan á lei, como por exemplo en Francia a lei de paridade que temos. Está aprobada mais non se aplica. A lei non é todo. O meu feminismo, o feminismo que eu vivín ao meu redor, non foi un movemento que se reduciu ás voces habituais da política. Penso que foi, en principio, outra concepción da política que investía no cambio social e cultural, por exemplo, co feito de crear a nosa revista. Non entramos nos partidos pero traballamos no eido simbólico, en fin, no eido da lectura, e polo tanto é político. Para nós política é todo isto.

Cando falamos de política para referírmonos ao sentido estrito da representación, efectivamente temos que dicir que en Francia hai unha lei sobre a paridade que tivo que pasar moitos debates antes de se votar, pero, se me preguntades sobre isto, votouse sen que todas as feministas estivesen de acordo sobre a cuestión da paridade representativa. Porén aprobouse, mais non se aplica. Non se aplica porque hai unha cláusula que recolle que se o partido paga unha cantidade de cartos xa non ten a obriga de ter tantas mulleres coma homes. Fixemos un traballo enorme para discutir e aprobar a paridade, Francia aprobouna, mais como vedes non hai nada disto, porque os partidos xa farán para non a aplicar. Así que, temos una lei marabillosa sen ningunha aplicación. Agora disque se vai suprimir esta leira dos cartos, non o sei.

Tivemos hai pouco a Joan Scott, unha historiadora estadounidense, que escribiu un libro sobre a paridade en Francia onde gaba esta lei, di que é extraordinaria. O seu libro traducíuse ao francés, é unha muller moi intelixente, e eu presenteí ese libro e demostrei que si era unha lei fabulosa, a mellor, pero que por desgraza non ten aplicación na práctica, e iso é o que conta. Ela non sabía nada do sistema dentro dos partidos políticos.

Ademais eu engado que nós estabamos divididas sobre a necesidade absoluta de obter unha lei de paridade, porque ter mulleres nos partidos non significa contar con feministas. Así que, debate-



mos moito, a metade dicía que iso non pagaba a pena, a esas mulleres non lles interesa, son homes coma os outros, e a outra metade sostíña que podíamos traballar a prol das mulleres e iso era o importante. No que si estabamos todas de acordo era en que se trataba dun proxecto interesante no plano simbólico: ver os homes coma as mulleres no poder. Pero, claro, unha muller no poder non é necesariamente feminista. Polo tanto, non precisabamos de mulleres, senón de xente que promovese o feminismo. Agora é certo que moitas mulleres políticas son un pouco feministas porque coidan que é útil para a reelección. Así que, muller non quere dicir feminista.

Persoalmente eu non estaba moi de acordo coa paridade, non creo que a revolución comece polas eleccións, de feito, votouse e todo o demais, pero non se aplica, polo que seguimos no mesmo punto. Agora, vendo as vindeiras eleccións presidenciais, as feministas continúan divididas.

Non abonda con que haxa mulleres. Pero se me poño a recordar, creo que contar cunha muller, aínda que sexa dun xeito simbólico, é importante, así a xente acostúmase a ver mulleres debatendo, entre outras cousas. Ségolène Royal, por exemplo, non é feminista, o seu compromiso non é co fe-

**Persoalmente eu non estaba moi de acordo coa paridade, non creo que a revolución comece polas eleccións, de feito, votouse e todo o demais, pero non se aplica, polo que seguimos no mesmo punto. Agora, vendo as vindeiras eleccións presidenciais, as feministas continúan divididas**

minismo, é unha muller que, a diferenza da presidenta de Alemaña, Angela Merkel, e doutras que lideran países en Latinoamérica, representa a imaxe da feminidade á francesa: guapa, elegante, nova, sorrí todo o tempo... Así que, a súa imaxe é moi ambigua, porque poderíamos pensar que é unha muller que nun futuro estará no poder pero ao mesmo tempo é a muller que todos os homes esperan, é dicir, bonita e todo iso. Así que, é bastante complicada esta idea de representación.

A paridade non era o noso obxectivo principal, non pensamos que o mundo vaia cambiar por ter unha presidenta, pensamos que a loita está na te-

rra, contra a violencia, sobre a prostitución, son loitas importante que aínda quedan. Dende os comezos do feminismo non reducimos xamais as nosas ideas á busca da representación, aínda que é importante, mais nunca cremos que o cambio viñese pola representación. O noso obxecto era, precisamente, cambiar a vida e obrigar aos políticos a nos seguiren.

**A: Desde un punto de vista feminista, cales poden ser as consecuencias se as mulleres nos situamos no rexistro da inocencia?**

FC: Eu sempre combatín a idea de que as mulleres somos boas. Sempre escribín que nós non eramos feministas porque as mulleres fosen boas, senón porque reciben un trato inxusto. Así que, continúo a pensar que as mulleres, coma os homes, poden ser perversas, pero que son tratadas dun xeito inxusto. Un dos principios é deixar que as mulleres se poidan manifestar e ser. Sobre o de-

**Sempre escribín que nós non eramos feministas porque as mulleres fosen boas, senón porque reciben un trato inxusto [...] continúo a pensar que as mulleres, coma os homes, poden ser perversas, pero que son tratadas dun xeito inxusto**

mais, haberá sempre mulleres agradables e anti-páticas, maliciosas e solidarias, outras serán xeneirosas e outras solitarias. Non se trataba de que eu pensase que coas mulleres o mundo sería marabilloso, senón de que houbera unha xustiza fundamental con respecto ás mulleres. Non é ningunha idealización das mulleres. Pode ser que nos anos setenta se crese que as mulleres irían ao paraíso decontado, pero entre nós ben vimos que non eramos anxos e deseguida abandonamos esa idea de que as mulleres son máis puras, superiores, boas... A cuestión era que as mulleres eran tratadas dun xeito inxusto na vida, na vida cotiá, ese era o noso cometido, despois xa se vería.

Cando todos e todas vivamos como iguais no mundo, daquela poderemos amosar as nosas preferencias por un ou outro independentemente do sexo. De feito, mesmo no movemento feminista, eu non apoio incondicionalmente a calquera muller, apoiamos a aquelas mulleres que teñen unha concepción do mundo semellante á nosa. Por iso cuestionei antes a Ségolène Royal, porque fai falla mobilizarse para cuestionarse, non hai unha resposta clara, porque sexa unha muller non vai haber solucións fabulosas para os problemas, de ningún xeito. Non será unha muller quen vaia cambiar, senón a sociedade, serán as relacións entre homes e mulleres. Así que, non creo que as mulleres sexan boas. O único que si se podería engadir é que os oprimidos quizais estean menos corrompidos polo poder, e poida que teñan unha certa enerxía suplementaria. Non estou certa. Ao





non estaren preto do poder é posible que teñan máis honestidade, pero non o sei. Do que se tratou sempre foi de facer un mundo xusto, xusto tanto para as mulleres coma para os homes.

A: Que aportes pode ter o deconstrucionismo e/ou a teoría *queer* na vida cotiá da cidadanía, tendo en conta que as mulleres estamos permanentemente enfrontadas ao ideal masculino de feminidade e os homes condicionados pola sospeita de homosexualidade?

FC: Antes de nada, cómpre non confundir deconstrucionismo con *queer*, non son para nada o mesmo. Eu abordei a cuestión da deconstrución en filosofía a partir da postura de, por exemplo, Derrida. El argumentaba que hai unha diferenza cun *un*, que el aplica a toda a realidade. Gústame especialmente o pensamento de Derrida, sempre estiven moi interesada, pero son reticente sobre a idea de perpetuar o diferente, escribín artigos moi críticos con iso. Un home, como xa escribín nun artigo, próximo de calquera maneira ao feminino, recibe un crédito meirande dentro da sociedade cás mulleres. O señor Derrida pódese sentir feminino, mais iso non impide que, como home, se beneficie dun poder e dunha autoridade que unha muller non terá. Así que, isto pode ser moi sedutor no plano metafísico, pero, no noso, cando falamos de feminismo aplicado ao cambio político, non estamos de acordo, non podemos ceder no tocante ás relacións de poder, e de feito eu escribín que se nos situamos na *indecibilidadade*, no establecemento da diferenza con respecto a un *un*, o resultado será distinto de se tratar dun home quen está na diferenza que de se tratar dunha muller quen está na diferenza. É dicir, se eu sosteño a diferenza de que son un pouco home e un pouco muller a miña palabra gozará de menos autoridade que se un home di que el é tamén feminino. Se eu digo que tamén son masculina, ou ben ninguén me cre ou ben é un defecto. Se un home di que dentro del hai algo de feminino, é positivo.

Así que, esta noción política é moi interesante, teoricamente; ontoloxicamente podémola abordar, mais politicamente non ten base porque a non diferenza non é unha realidade social. De feito, aínda que unha muller sexa un pouco masculina e un home un pouco feminino, cando se busca un traballo atoparanse máis oportunidades cun soldo mellor se se é un home que se declare un chisco feminino e non á inversa. Polo tanto, neste tema, politicamente, non podemos facer concesións.

Un home, como xa escribín nun artigo, próximo de calquera maneira ao feminino, recibe un crédito meirande dentro da sociedade cás mulleres. O señor Derrida pódese sentir feminino, mais iso non impide que, como home, se beneficie dun poder e dunha autoridade que unha muller non terá

Tamén falabades do *queer*, un tema que me atrae moito porque é a gran moda en Francia, e coido que aquí pode ser a mesma cousa. O *queer* postula o alter-sexo, é dicir, nin homes nin mulleres. Pode ser unha idea, dende o punto de vista especulativo moi interesante, pero na realidade identifícanos como homes ou mulleres. Mesmo se unha muller que se sitúa no *queer* pon uns pantalóns ou unha boina, e pensa que se pode deitar con mulleres ou homes, iso non impide que no seu interior sexa identificada como unha muller. Así pois, trátase dunha máscara no canto dunha realidade, e mesmo Judith Butler o recoñece, ela é moito menos simplista que todo este pensamento *queer* que cre que abonda con declarar que non se é nin home nin muller, socialmente e politicamente falando estamos identificados. Así que é un problema a afirmación metafísica da non-diferenza de sexos, é moi bonita, porque especulativamente é moi interesante de discutir, pero politicamente estamos marcados.

En segundo lugar, politicamente aínda non puiden admitir que a diferenza do corpo sexa indiferente. É dicir, a miña sexualidade non se manifesta mediante unha erección, por exemplo, e por moito que me gusten as mulleres, que as ame, non son un home. Aínda que teña un fantasma fálico que utilice, non terei unha experiencia propia dun corpo masculino e, porén, teño un corpo maternalmente posible. Polo tanto, non creo na non-diferenza de sexos. Que se viu atenuada polos cambios sociais e políticos, polo comportamento dualista, é obvio, e é algo co que estou de acordo, de feito xa na miña mocidade recordo cando eu ensinaba vestida con pantalóns, unha profesora non daba clase cuns pantalóns, estaba case prohibido.

Son reticente no plano político, porque se somos mulleres identifícanos como tal, e no tocante ao plano corporal, á experiencia humana, non estou



**De haber unha indiferenza total de sexos, por que existen as reivindicacións homosexuais? Se hai reivindicación homosexual é que non hai indiferenza de sexos, xa que tanto para os homosexuais como para os heterosexuais, a escolla de obxecto é moi importante**

convencida de que o corpo sexa indiferente, non sendo que nos volvamos anxos... Así que non vexo como podemos facer concesións verbo disto. Porque aínda que eu sexa lesbiana, a miña maneira de amar as mulleres non vai ser a mesma cá dun home. Ademais, os milleiros de homes homosexuais son moi diferentes dos milleiros de mulleres lesbianas. Non comparten as mesmas prácticas, as parellas non se forman da mesma maneira... Tendo en conta isto, eu contéstolles sempre ás miñas amigas que de haber unha indiferenza total de sexos, por que existen as reivindicacións homosexuais? Se hai reivindicación homosexual é que non hai indiferenza de sexos, xa que tanto para os homosexuais como para os heterosexuais, a escolla de obxecto é moi importante. Porque un home ou unha muller *homo*, en contra da lei social, desexa un corpo e non outro de igual xeito que un *hetero* desexa un e non outro corpo. Así pois, ata o de agora, non estou convencida da indiferenza de sexos.

**A: Como considera vostede os novos tipos de familia: as monomarentais, as monoparentais, as formadas por parellas de lesbianas, ou de gais que adoptan...?**

FC: Sobre isto non teño ningunha teoría. Experimento os meus sentimentos ao respecto, que é o que vou expresar, mais en absoluto son teorías. Vexo completamente normal que as miñas amigas teñan fillos, porque quen o fai é unha delas, o seu corpo. Porén, teño máis dificultades á hora de ver que unha parella de homes poidan ser pais, o cal é normal, teñen todo o dereito. Pero hai un tema que me preocupa, porque a muller fai un fillo co seu corpo, ben, con axuda da ciencia e duns espermatozoides, sen problema, pero un home necesita o corpo dunha muller. Mentres non se faga cientificamente, unha muller ten que crear un fillo para unha parella de homes, ben sexa

unha amiga que se ofrece voluntaria ou ben volvem á vella estrutura da muller que serve ao home. E tamén, o que se fai agora cada vez máis, pero isto non é so aplicable aos gais, claro, aos *hetero* tamén, é que se paga a mulleres do terceiro mundo para que leven no seu corpo un feto. E isto para min é unha nova explotación do corpo das mulleres. De feito, hai un pouco souben polos medios de comunicación dunha clínica onde xa van as mulleres pobres e que, a cambio de non sei cantos euros, acceden a levar un neno que logo dan. E cos cartos que reciben poden criar os seus outros fillos. Isto é unha nova forma de escravitude, é un pouco como a prostitución, unha nova escravitude de mulleres. Está claro que a paternidade homosexual non é a causa disto, mais vai acentuar este fenómeno, por que quen vai crear o neno? E aí teño un problema, e sei que isto é algo que, por suposto, abrangue tamén ás parellas *hetero*, aínda que no seu caso, á hora de quererem nenos e non poderen, a meirande das veces é por causa da esterilidade dos homes, o cal se resolve coa busca de espermatozoides e logo a muller leva o feto dentro dela. Os homosexuais varóns, porén, necesitan dunha muller.

Alba Rodríguez e Françoise Collin



E o que tamén me preocupa moito é que hai mo-  
reas de nenos abandonados pero hai moi poucos  
que poidan ser adoptados. Por favor, non pense-  
des que teño unha doutrina ao respecto, non,  
mais coido que pode haber aquí un problema, xa  
que nestes momentos, nos países pobres, anímase  
a que as mulleres abandonen ou entreguen os  
seus fillos porque hai demanda. Hai algo raro.  
Porque resulta marabilloso que unha parella  
adopte un neno, pero ao mesmo tempo aparecen  
as redes de tráfico. Vexo moi claro o caso das mu-  
lles, porque unha das dúas é a que leva o feto,  
mais no outro, non o teño tan claro, porque teñen  
que recorrer a un corpo de muller. É un tema so-  
bre o que me fago preguntas e sobre o que penso.  
Non quero dicir que estea ben ou mal...

Por suposto non falo de que un neno criado por  
unha parella de homes poida converterse nun  
monstro, para nada, será coma un rapaz educado  
por unha familia heterosexual. Iso si, temos criti-  
cado a familia tradicional porque hai cousas que  
estaban mal, pero o que non debemos facer é  
idealizar a familia homosexual, porque tamén se  
divorciarán e terán as súas cousas. Haberá tamén  
abandono de nenos, liortas para ver quen queda



co cativo... O que si tería que existir sería unha lei  
que recoñecese ao cónxuxe, nas familias gais, o  
mesmo dereito que estes xa teñen cando se trata  
de heterosexuais, é dicir, recoñecer a paternidade  
ou maternidade dos dous membros da parella.

Sobre o que me fago moitas preguntas é sobre as  
novas formas de reprodución humana, e xa non  
me refiro a todo o dito antes, senón a todas as cues-  
tións que atinxen á xenética, por exemplo, a elimi-  
nación de fetos con malformacións. Sobre isto cum-  
priría facer unha reflexión ética fundamental.

**A: Que tendencias aprecia no movemento do femi-  
nismo actual, cando menos nas zonas de influencia  
francófona?**

FC: Non estou segura de que existan correntes  
claras. Confirmo que para cada problema hai un  
debate, que todas as feministas non están de acor-  
do, como xa dixen antes. Constató tamén que hai  
un debate importante, mais os eidos xa non son  
os mesmos. Por exemplo, en Francia tivemos bas-  
tantes debates respecto da paridade, entre outras  
cousas, mais os eidos non son os mesmos.

En Francia antes había desacordos, estaban as que  
apoiaban as teses de Simone de Beauvoir, as ou-  
tras que avogaban polo diferencialismo, etc.; hoxe  
en día ben sei que iso non desapareceu, pero para  
cada problema que xorde, por exemplo a prostitu-  
ción, un tema moi importante, xa non se retoman  
os puntos ideolóxicos de outrora. Houbo unha di-  
visión moi forte de tendencias ideolóxicas ao pri-  
meiro. Agora, segundo sexa o problema que se  
aborde, prodúcese un reagrupamento.

Por exemplo, poñamos por caso a cuestión do ve-  
lo musulmán nas escolas, algo que normalmente  
se divide entre os que cren na laicidade da Repú-  
blica Francesa e mais os que pensan que hai dife-  
renzas entre as culturas e entre as persoas. Sor-  
prendeume que unha das pensadoras de carácter  
universalista do tipo de Simone de Beauvoir, Ch-  
ristine Delphy, estivese en contra da prohibición  
do uso do velo. É dicir, que me sorprende ver cer-  
tas persoas máis próximas a un campo de pensa-  
mento e non a outro.

Coido que en Francia actualmente os campos re-  
distribúense sen ter moito en conta a ideoloxía,  
son máis políticos verbo dun problema concreto,  
e creo que iso é moi interesante. 6

QUEREMOS  
COÑECERNOS...



PUBLICIDADE




XUNTA DE GALICIA  
MOZAR SIEMPRE DA  
IGUALDADE E DO BENEFICIO  
Secretaría Xeral de Igualdade

# O neocaciquismo

## caciquismo (2ª parte)

### CACIQUES AUTÉNTICOS E FALSOS



ÁUREA SÁNCHEZ

Os caciques verdadeiros e falsos, sobre os que teorizaba Castelao, están perfectamente vixentes hoxe en día. Os falsos son os que se amparan en gobernos de Madrid –dicía el– e os outros son todos os demais.

En *Sempre en Galicia*, Castelao afirma que o caciquismo é unha forma primaria de democracia representativa:

Galicia padece unha caste anacrónica de caciques [...]

Galicia ten caciques verdadeiros por descoidos da cidadanía. Os mandoneadores que hai en moitas asociacións democráticas, os mandóns

- Fixemos unha rogativa para que San Roque nos librase de peste...., ¿e sabes quen levou o estandarte?  
- Foi o cacique.

que se imponen en toda caste de grupos humanos, son aínda inevitables.<sup>1</sup> [...]

Que non se esqueza. O caciquismo galego deixará de existir cando se lexisle para Galicia e os labregos se sintan amparados pola Lei, sen medo á Xustiza, e cando as súas terras sexan inembargables...


O cacique auténtico, creado polas inxustizas da lei, nutrido con perni-

les e lacóns regalados, a penas merece a nosa preocupación; pero hai unha chea de «mandóns» da política centralista, que son mil veces piores e non merecen o nome de caciques, porque non viven a carón do pobo, nin representan a vontade da tribu,

<sup>1</sup> Libro primeiro, capítulo xxvi de *Sempre en Galiza*.



- *Declaras que eras probe e tiñas unha vacca, eh?*



Castelao

nin posúen os vezos e virtudes da caste, nin teñen unha forza emanada do seu valimento persoal. Estes caciques son terribles, porque exercen o poder a distancia, porque burlan a vontade popular, porque son irresponsables e inmunes, porque dispoñen da forza coercitiva do Goberno central.

Estes falsos caciques trasladan xueces e maxistrados que fan xustiza, destitúen concelleas que falan con claridade nas sesións, nomean alcaldes que non teñen diñidade persoal, desvían o trazado das estradas para levalas á porta dos amigos, reparten enchufes aos ladróns e falsificadores de actas eleitoraes, amparan a carteiros que abren a correspondencia dos veciños, regalan ou venden credenciais de funcionarios, amañan tribunaes de oposición, controlan aos gobernadores civís, interveñen as instancias e reclamacións dos cidadáns, etc., etc. Esta caste de caciques xurdeu dispois da Restauración, e foi creada por unha necesidade vital da monarquía e do centralismo para disimular os xeitos antigos con aparencias de democracia parlamentaria. Non hai dúbida de que este caciquismo invertido, que ten as raíces enriba e as ponlas embaixo, é o puntal máis forte do sistema unitario, do que, á súa vez, é parasito corruptor.

**O mestre Castelao afirmaba que para rematar co caciquismo verdadeiro hai que instruír a poboación e para pór fin ao caciquismo falso hai que derrubar o sistema unitario e centralista. Crea novos caciques que combaten os anteriores**

O mestre Castelao afirmaba que para rematar co caciquismo verdadeiro hai que instruír a poboación e para pór fin ao caciquismo falso hai que derrubar o sistema unitario e centralista.

É moi interesante a súa teoría do vello cacique que se torna en silencioso inquilino, ou chamado tamén pobre demo que se sente perseguido cando perden os seus. O poder –di– crea novos caciques que combaten os anteriores. Así pasou nas ditaduras do século xx, nas repúblicas do mesmo século. Castelao fala de como se filtraron os caciques nos partidos republicanos, invocando a súa condición de perseguidos. Estes son os caciques

que el chama falsos porque están á mercede do troque do réxime, do cambio de goberno. Mesmo afirma que houbo caciques republicanos, que sempre «colaboraron coa monarquía, servíndoa en postos da oposición».<sup>2</sup>

#### Xustiza sen códigos escritos

Previsor el, xa deixou dito nos anos trinta do século pasado que o caciquismo é un parásito da democracia, que pode florecer nun réxime descentralizado: «pero entón os caciques serían verdadeiros,

<sup>2</sup> Libro primeiro, capítulo xxvi, *Sempre en Galiza*.

é decir, vivirían a carón do pobo e, polo tanto, sometidos aos perigos dunha xustiza instintiva, unha xustiza sen Códigos escritos.

Non negamos a posibilidade dun caciquismo galego dispois da promulgación do Estatuto. Se tal desventura ocorrise sería merecida, aínda que non inevitable. E de todos xeitos xa non soportaríamos aquel outro caciquismo que nos impoñen desde lonxe».<sup>3</sup>

Engado ao anterior que nos últimos trinta anos, na etapa da transición e logo rexendo xa o Estatuto de Autonomía vixente en Galicia, se segue aplicando a «xustiza sen códigos escritos» da que falaba Castelao. Xustificouse ese tipo de caciquismo dicindo que o pobo necesita *intermediarios* entre o que

que se traduce no dito humorístico e popular por *e ti de quen ves sendo?*) era un elemento co que debía contar, pero que paralizaba totalmente o seu labor de investigación, información e denuncia. Cando o chamado cuarto poder exercerá como tal?

A democracia é un sistema de goberno imperfecto, por iso aspectos que arrebatan a vontade expresada nas votacións e nas normas escritas, como é o caciquismo, hai que combatelos. Os pactos feitos en segredo corrompen a práctica democrática e inutilizan a soberanía popular.

tempo que o caciquismo son «condutas illadas e esporádicas, abortadas pola cristalización de novos ordenamentos».

Manuel Miragaia Doldán, dicía en outubro do 2004 no xornal Galicia Hoxe: «O tradicional caciquismo, hoxe chamado de maneira requintada e académica como clientelismo, constitúe unha das eivas máis graves e estendidas da Galicia, sobre todo da rural...». A súa exposición continuaba cunha explicación de por que as provincias de Lugo e Ourense aparecen á cola do desenvolvemento e se en boa medida non se debe ese atraso ao caciquismo.

A ministra da Sanidade, Elena Salgado, dicía no xornal *El Correo Gallego* aos poucos meses de ser nomeada: «Galicia debe liberarse de una vez por todas del caciquismo».

Claro que ela se refería ao caciquismo do que tanto se fala nos medios de comunicación e que ten un expoñente claro e preciso como Xosé Manuel Baltar na provincia de Ourense. Eu refírome ao caciquismo estendido á vida en xeral, ao que se ceba nas desigualdades de xénero; ao caciquismo de despacho e antesala. Ese caciquismo constitúe unha enfermidade que penetrou nos partidos políticos, nas institucións e nos medios de comunicación. O caciquismo vive nelles, transformándose e disfrazándose; ás veces móstrasenos envolto en xestos propios de prácticas politicamente correctas. [6]

**Ese caciquismo [...] penetrou nos partidos políticos, nas institucións e nos medios de comunicación.**  
**O caciquismo vive nelles, transformándose e disfrazándose; ás veces móstrasenos envolto en xestos propios de prácticas politicamente correctas**

precisa un favor e o gobernante que llo concede.

Non hai moito tempo, un cargo electo que ía ser entrevistado preguntoulle á xornalista que tiña diante a quen lle debía o posto no medio público no que traballaba.

Fixo a pregunta con tanta naturalidade e franqueza que a profesional da comunicación, que estaba alí para cuestionar o estado de cousas, no que se inclúe o exercicio do poder de dito cargo electo, quedou pensando o que lle tiña que responder. Ao final non respondeu, fíxose a xorda.

Comprende a xornalista ata que punto o poder político asume que a «xustiza sen códigos escritos» (esa

En Ourense, o clube cultural Alexandre Bóveda convocou e concedeu premios humorísticos e anticaciquís «procesión dos caladiños». Houbo premios ás mellores cacicadas legais, ás ilegais, ás trapalleiras, locais, provinciais, autonómicas e estatais. Incluso houbo premios para as mellores cacicadas progresistas, conservadoras e benéficas.

Eu preguntome se esta «xustiza sen códigos escritos» da que falaba Castelao non se impuxo entre nós.

Un xove deputado por Ourense, que segue ocupando escano no Parlamento e que atopou traballo nun despacho da Xunta nada máis licenciarse, aseguraba hai pouco

<sup>3</sup> Libro primeiro, capítulo xxvi, *Sempre en Galiza*.



# Sobre toponimia urbana. Mulleres na rúa

 PATRICIA ARIAS CHACHERO

RUA  
DAS  
ORFAS

Existe na nosa cultura unha estraña hipersensibilidade por parte dos poderes públicos á hora de lles chamar ás avenidas, ruelas e prazas das cidades. Non é de estrañar, nótese que os principais cambios políticos acontecidos ao longo da historia máis recente levaron aparelados unha mudanza inmediata nos nomenclátors urbanos. Mostra primeira, pública e evidente dun poder que se impón e reafirma a través dun vehículo sinxelo, visíbel e efectivo.

Os nomes dos espazos urbanos lémbrennos implícita e continuamente o que somos pero tamén cales son as nosas carencias. Hoxe tendemos a introducir nomes de persoeiros destacados da cultura galega, recuperamos as designa-

cións tradicionais, buscamos a normativización e a galeguización nas lendas das placas e abertamente loitamos para acabar con aquelas que nos fan presentes a fascistas e criminais. No camiño esquecemos ou deixamos que se esquezan algunhas cousas.

As mulleres non saímos nada ben paradas neste proceso. O certo é que nos rueiros de vilas e cidades somos poucas, moitas veces anónimas e en demasiadas ocasións relacionadas con roles femininos de carácter marcadamente tradicional.

Vexamos pois o que sucede cando a unha se lle dá por botar contos usando como base a información contida nos rueiros e trameiros oficiais das principais cidades galegas. Imos por partes.



### Pontevedra

Cun sinxelo traballo aritmético calquera pode comprobar que das algo máis de catrocentas rúas existentes na cidade do Lérez, case a metade levan nome de persoa. Entre tanta humanidade figuran un total de 17 mulleres. Todo isto traducido en cifras vén sendo algo así como que só o 3,93% do total das rúas de Pontevedra están dedicadas a lembrar algunha destacada figura feminina, mentres que o 43,19% recordan a vida e fazañas dalgún significado cabaleiro.

Fagamos historia. A primeira rúa con nome feminino da que temos noticia nesta cidade é a actualmente denominada rúa da Princesa. O 5 de xaneiro de 1852 bautizárona como da Infanta en honor á filla de Isabel II e a finais dese mesmo ano,

por non se entende moi ben que reaxustes lingüísticos, o nome queda definitivamente fixado como rúa da Princesa. Apenas dous anos despois o concello decide homenaxear á nai e raíña reinante e a partir daquelas, a propia Isabel II dá nome a unha céntrica vía próxima á anterior.

Xa que os concelleiros desta cidade decidiron ignorar abertamente á nobreza autóctona, podemos pechar o apartado dedicado á nobreza foránea coa avenida da Raíña Victoria Eugenia. En 1919 proponse o nome como homenaxe á esposa de Afonso XIII. Había xusto dezaseis anos que el contaba con vial propio en Pontevedra. En 1931 os republicanos cambiáronlle a designación polo de paseo de Ro-

salía de Castro, o réxime franquista non quixo que a proposta callase. Só a partir de 1986 a de Padrón contará cun espazo propio.

Baixando de escala pero sen abandonar a nobreza, atopamos unha humilde rúa da Marquesa. Seguramente non todos os pontevedreses saiban que a tal marquesa é a de Riestra, cuxo cónxuxe é abertamente homenaxeado na rúa Marqués de Riestra, que non rúa do Marqués. Por certo, o tal José Riestra López foi na súa época un verdadeiro cacique.

Pouco máis nos queda por contar deste rueiro. Outro caso de anonimato é a chamada rúa de Dona Teresa. Débelle o nome a Teresa Pérez, benfeitora do vello hospital durante o século XV.





[...] só se salvan por reincidentes tres figuras: a poeta Rosalía de Castro, a xurista Concepción Arenal e a polifacética Emila Pardo Bazán. As tres son recordadas polas corporacións municipais de case todas as vilas e cidades. [...] O resto queda reducido como vemos a pouco máis que santas, virxes e raíñas

### Ourense

A situación e as estatísticas non melloran demasiado na cidade das Burgas. Entre case mil rúas atopamos só un 4,50% con nome de muller, fronte ao 26,97% consagrado aos varóns. Nesta ocasión as únicas presenzas nobres no nomenclátor, son a raíña Isabel a Católica e unha marquesa propietaria de extensa finca nos arrabaldes da cidade. Iso si, das máis de corenta vías nomeadas en feminino, polo menos deza-seis están directamente relacionadas coa Igrexa católica. Temos así media ducia delas dedicadas a Nosa Señora *de algo* (do Viso, do Cristal, da Saínza) ao carón de outras tantas santa *o que sexa* (Ana, Bárbara, Eufemia, María Nai, Mariña).

En Ourense chama igualmente a atención un expresivo número de camiños que toman o seu nome da mitoloxía, tanto da galega (rúa das

Aureanas, das Meigas, das Ninfas) como da clásica (praza de Venus, de Diana, rúa de Minerva). Ademais a suntuosamente chamada Atenas de Galiza conta cunha *importante* cantidade de vías dedicadas a literatas nadas ou directamente vinculadas coa cidade. Somos capaces de inserir neste grupo un total de tres: a dedicada ás irmás Pura e Dora Vázquez, outra á poeta e correspondente da Real Academia Galega Filomena Dato Muruais e a que lembra a Matilde G. Lloria, seguramente máis descoñecida.

Finalmente sinalar o caso da céntrica rúa Calpurnia Abana, nome propio que figura nunha ara atopada nas inmediacións das Burgas na que unha primixenia cidadá expresa o agrado co que cumpriu o voto que lles fixera durante un soño ás ninfas das máxicas augas.

### Lugo

Acheguémonos agora á cidade das murallas. Trinta e unha rúas renden tributo a unha ou varias mulleres, mentres que máis de cento setenta se dedican á sección masculina. Importante é o número de vías que designan oficios, a rúa das Costureiras, das Lavadeiras, das Leiteiras e das Panadeiras. Profesións populares a carón das que atopamos os correspondentes masculinos, a rúa dos Teceláns, dos Artesáns e dos Ferreiros. E é que en Lugo aínda queda mostra do xeito tradicional de chamarlles aos camiños.

Chegadas aquí talvez cumpra lembrar que iso dos nomes de persoeiros é costume moderno e que o habitual foi sempre designar ás calexas, rúas e estradas empregando termos alusivos ás particularidades dos lugares, ás actividades



que neles se exercían ou a algún edificio significativo situado na contorna. O uso dos antropónimos esténdese sobre todo a partir do XIX.

E se antes falabamos de familias reais temos agora que facer parada obrigada na lucense avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. O equipo municipal homenaxea pomposamente a unha muller viva membro da familia real. Até onde nós fomos quen de albeitar, esta é hoxe a única vía galega que cumpre estas características. Son varias as cidades que contan cunha rúa chamada Juan Carlos I, aínda que ningunha que nós saibamos, apostila nada parecido a rei de España.

Non esqueceron os do pleno municipal dedicar un espazo á autora do cadro *A escola de Doloriñas*, Xulia Minguillón. Acordáronse tamén da viveirense Maruja Mallo. Elas son as dúas pintoras enxalzadas na cidade.

Xa para rematar sinalemos o nome doutra oriúnda, a mestra e guerrilleira antifranquista Enriqueta Otero, natural de Castroverde.

### A Coruña

Con máis dun milleiro de rúas, a cidade herculina colócase orgullosamente á cabeza das urbes analizadas. Os nosos máis que relativos parabéns, o 6,01% da listaxe municipal leva nome de muller.

Neste rueiro atopamos un senón amplo, si comparativamente variado abano: Sofía Casanova, a musicóloga M.<sup>a</sup> Luisa Durán Marquina, a actriz María Casares, Inés de Castro, a innovadora pedagoga María Barbeito. Non esperabamos menos dunha cidade cuxa praza máis senlleira leva o nome da heroína popular María Pita.

Nesta ocasión ademais das humildes profesións (existe a travesía Gaitreira), das poetisas, dos seres fantásticos (rúa da Sirena e o lugar da Moura), das raíñas e das virxes, na Coruña atopamos unha praza que leva o insólito nome de Alcadesa Berta Tapia. Cómpre sinalar que ao seu carón coexisten un total de 19 dedicadas aos primeiros edís do concello, sempre co cualificativo de alcalde á fronte. E agora sexan vostedes mal pensadas que unha vez máis acertarán. Saben como se chama formalmente o concorrido Paseo Marítimo da Coruña? Pois, si señoras! Paseo Marítimo Alcalde Francisco Vázquez.

A Coruña reserva un pequeno lugar para mulleres como Curie, María Zambrano, Indira Gandhi ou a mesmísima Mariana Pineda. Mulleres de recoñecida valía que semellan apartadas das propostas dos demais concelleiros e concelleiras galegas sinxelamente por non teren nacido ou traballado na




Galiza. Craso erro ao noso modo de ver as cousas.

E xa para rematar lembremos a recente broma do Concello de Santiago, que despois de anunciar que se designarían en feminino todas as rúas da cidade que en adiante estivese previsto dedicar a persoas a primeira proposta que nos fai é: rúa Manuel Fraga.

Desta listaxe, que non pretendeu ser exhaustiva pero si representativa, tan só se salvan por reincidentes tres figuras: a poeta Rosalía de Castro, a xurista Concepción Arenal e a polifacética Emila Pardo Bazán. As tres son recordadas polas corporacións municipais de case todas as vilas e cidades. As tres teñen rúas alá onde queira que unha vaia.

O resto queda reducido como vemos a pouco máis que santas, virxes e raíñas. Case parece a confirmación práctica do dito popular que sinala que o lugar propio da muller non está na rúa senón na súa casa. 6



# Notas para a reflexión en relación á violencia de xénero

 CELIA BALBOA

Hai máis dun ano da entrada en vigor da Lei Orgánica 1/2004 de 28 de decembro de Medidas contra a Protección Integral da Violencia de Xénero, tempo razoablemente suficiente para comezar a facer unha reflexión sobre a súa eficacia.

A tenor do Informe do Consello Xeneral do Poder Xudicial do ano 2006 se conclúe que nese ano morreron 91 persoas vítimas da violencia doméstica e de xénero: 77 mulleres, delas 62 no ámbito da parella ou exparella. En 81 casos o home foi o agresor (92 % do total) e en 7 casos a agresora foi unha muller. No 72,7 % dos casos en que a vítima foi muller ningún órgano xudicial tiña constancia previa de malos tratos e sobre o 27,3 % dos casos en que existían antecedentes de violencia o 66,7 % dos procedementos se iniciaran por denuncia e o 33,3 % por atestado.

Respecto ás denuncias, no mesmo ano 2006 presentáronse 62.170 denuncias por malos tratos, signi-

ficando un incremento do 3,8 % a respecto do ano 2005 –nos anos 2003 e 2004 o incremento respecto dos anteriores foi dun 15 %–. Das denuncias presentadas un 35,6 % foron contra cónxuxes e un 27,9 % contra compañeiros sentimentais. Do total das denuncias, 53.553 foron cualificadas como delito e 8617 como faltas –nótese o incremento vertixinoso na cualificación de delito como consecuencia da reforma do código penal–. Entre as denuncias en que os feitos foron cualificados como delito destaca que máis do 80 % foron delitos contra as persoas. Houbo 2000 denuncias tramitadas como delito de ameazas. Hoxe unha inmensa maioría de denuncias obtén sentenza favorable e son concedidas, en máis do 70 % dos casos, as medidas cautelares que se solicitan.

Con todo, as arrepiantes cifras de mulleres falecidas, non menos que anos anteriores, revelan que se está lonxe de abandonar o tráxico

número de case cen mulleres mortas ao ano. O que si é revelador e a enorme incoación de procedementos por delito que non responde a un proporcional aumento das denuncias, o que demostraría que é necesario un fondo debate a fin de repensar o tecido normativo que teoricamente debería contribuir a erradicar a violencia.

Xa no seu momento se evidenciou a necesidade de facer fronte a violencia que maioritariamente sofren as mulleres desde unha perspectiva multisectorial, con incidencia no ámbito sanitario, educativo, penal, laboral, etc. É unha evidencia que nos últimos anos ten virado a consideración social da violencia física contra a muller pasando a considerala como algo intolerable e sobre todo punible, co inmenso valor simbólico que conleva, pero non é menos certo que, obxectivamente, os casos de violencia non teñen diminuído, nin parece que a entrada en vigor da lei,



coa reforma punitiva que contempla, fose en absoluto disuasoria para os agresores.

Tamén é certo que se ten realizado un importante cambio na estrutura xudicial coa implantación dos Xulgados da Violencia de Xénero, en xeral a costa de facer aínda máis lenta a tramitación dos restantes procesos, xa que se evidencia con denuncias e protestas sindicais por parte do funcionariado a saturación xudicial e a carencia de medios. Pero todo ese esforzo non ten contribuído, até o de agora, a paliar a violencia contra as mulleres.

Segue a aumentar o número de divorcios e tamén se nota a tensión que xera unha lei tremendamente punitiva, pero que non articula ningún mecanismo de resolución extraxudicial dos conflitos.

Xa desde a súa entrada en vigor houbo sectores do feminismo que consideramos que a lei tiña carencias importantes e que se perdía unha boa oportunidade para reflexionar sobre a violencia, non só contra a que sofren as mulleres, senón sobre a violencia estrutural da nosa sociedade. Criticamos que a lei partise dunha discriminación inicial: que toda a violencia é do home contra a muller e no ámbito da parella ou exparella, e iso porque deixa fóra outras moitas agresións


**Tender a percibirse a si mesmas como vítimas é un elevado prezo a pagar que non fomenta a independencia das mulleres, senón a súa dependencia dun sistema que paradoxalmente é incapaz de protexelas**

onde non ten por que mediar relación de parella, deixando así mesmo fóra a violencia entre parellas homosexuais. Sería desexable unha posible lexislación sobre a violencia nas relacións humanas, especialmente a corta distancia (parella, fogar, traballo, institucións...) dende premisas non discriminatorias, por exemplo en forma de lexislación protectora contra a violencia exercida contra as persoas vulnerables, quizais porque cómpre pensar que a violencia é de xénero humano e responde á decisión de descargar as propias pulsións contra as persoas máis febles. Culparizando a cada home individualmente da violencia que exerce sobre a súa parella exculpamos á sociedade que crea seres violentos,

procurar vítimas e moito máis doado que fomentar mulleres rebeldes, entendendo a rebeldía como insubmisión moral ante unha sociedade cuxos valores teñen sido os culpables da violencia que hoxe nos preocupa.

Tender a percibirse a si mesmas como vítimas é un elevado prezo a pagar que non fomenta a independencia das mulleres, senón a súa dependencia dun sistema que paradoxalmente é incapaz de protexelas.

Se a vixencia da lei se ten notado en importantes sectores —educativo, xudicial, sanitario—, onde verdadeiramente ten pasado desapercibida é no ámbito resocializador do agresor, dando lugar a unha procesión de homes condenados por malos tratos, que sen ningún tipo de alternativa terapéutica, seguen a relacionarse con mulleres e de seguro que repetirán comportamentos dominantes ou agresivos.

En resumo, a lei ten servido para que o sistema punitivo se enfrente ao agresor, previa denuncia dunha muller vítima, pero sen admitir que a violencia contra a muller é un problema social, permanecendo as institucións, e o pensamento que sustenta a dominación masculina perfectamente absoltos. 

NADA NOS INTERESA  
MÁIS QUE O GALEGO.  
NINGUÉN NOS INTERESA  
MÁIS CA TI

**ASÓCIA-TE**

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1ª - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesant.org

Nome: \_\_\_\_\_  
Apelidos: \_\_\_\_\_  
Enderezo: \_\_\_\_\_  
C.P. \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_  
Telf: \_\_\_\_\_  
Cuota anual: | 30,05 euros.  
12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco  Sucursal  DC   
c/c lo libreta de aforro   
Nome da entidade: \_\_\_\_\_  
Enderezo: \_\_\_\_\_



# Elvira e a arte da malla



 ANNA AMORÓS PONS

Esta é a historia dunha muller adicada a traballar a malla a man, a arte de enmallar ou enreixar mobles. Arte en maiúsculas porque é artesanía. Unha profesión a piques de desaparecer. Unha historia que garda a súa peculiaridade por ser posiblemente a única muller enmalladora en Santiago de Compostela. A muller da nosa historia chámase Elvira.

Nada na primavera de 1939, no popular barrio do Monte de Conxo, filla dun zapateiro é a quinta de nove irmáns. Ata a idade de 15 anos foi ao colexio de monxas A Enseñanza e, despois, comezou a traballar nunha fábrica de madeira, «a fábrica de Carolo»:

Así axudaba cuns cartiños os meus pais [...]. Traballei ata a piques de casar [...] lembro que a liquidación tamén a entreguei na casa [...]. Na fábrica tan só eramos dúas mulleres e o demais todo homes [...], cunha xornada de 8 horas ben cumpridiñas e os sábados tamén [...].

A idade de 20 anos casou cun rapaz que coñeceu nas romarías, Erundino, e foi vivir á casa dos sogros, a Poza Real de Arriba:

De solteira, na casa dos meus pais, non fun nunca á leira pero de casada tiven que ir a todo [...], ocupábame dos animais... porcos, galiñas, vacas!... e das cousas da casa [...], había moito traballo na casa dos sogros! [...] e os fillos viñeron moi pronto [...].

## Lembranzas dunha época

Como nai, a Elvira, a vida xogoulle unha mala pasada. De sete criaturas que tivo, tres morreron ao pouco de nacer:

Primeiro veu Mercedes. Logo chegou Elvira, que morreu ao nacer, e despois Julio Manuel, que aos 15 días de vida tamén se foi [...], e, máis tarde, Esperanza, esta morreu xa con sete meses! A continuación tiveron a Gonzalo, a Jorge e a Mari Carmen.

Entre tanto neno e cousas que facer na casa, Elvira aproveitaba un oquiño a primeira hora da mañá e outro ás noites, cando os rapaces dormían, para traballar na reixiña:

Eu cando casei non sabía nada de enmallar, ese traballo facíao o meu home que era ebanista. Pero un día díxenlle, «se me ensinas axúdoche un pouquiño e así vas máis rápido» [...] e dende aquela vez deixoume todo xa a min.

Elvira lembra que ían mercar a Coruña as madeixas de rexilla por kilos:

Enormes madeixas onde eu collía palla a palla e cruzábaas en horizontal e vertical, despois aliñábaas e, logo, volta a cruzar pero en diagonal [...], pallas que poñía nuns furadiños feitos compás a compás e perforados cun berbequí na madeira.

Un traballo custoso ao que Elvira lle resta importancia:


Muller, difícil non, aínda que para min o máis complicado de todo era facer eses cabezais de camas de orellas

[...], as sillas nadiña, nun día facía unha [...]. Agora ben, de cando en vez tamén traballaba as sillas de enea e de cordel [...] pero, miña naiciña!, sangrábanme os dedos das mans [...] poñíame panos [...] e volta a empezar ao día seguinte!

Neste intre, Elvira recorda, entre sorrisos, que unha vez non puido ter rematado a tempo un encargo:

Estaba embarazada da miña filla pequena Mari Carmen, xa estaba moi avanzada e tiña que facer de reixiña moitos mobles cobrerradiadores para un hotel moi importante da Toxa [...] e claro púxenme de parto [...] e aí acabouse todo, non os puiden rematar.

A arte de enreixar a man os mobles é artesanía, unha manualidade a piques de desaparecer. Pero para Elvira este traballo podería ser hoxe un xeito máis de contribuír a manter as tradicións:

Enreixar para min foi unha profesión, pero tamén has de ter moita vocación. 

## Las mujeres, que leen, son peligrosas


### Libros

BOLLMANN, Stefan: *Las mujeres, que leen, son peligrosas*, Madrid, Maeva, 2006. Prólogo de Esther Tusquets. 149 páx.

Stefann Bollmann, escritor, ensaísta e editor alemán, é autor de varios libros, dos cales este é o primeiro que tivo unha difusión masiva en España. Editado orixinalmente nunha editorial independente alemá (Elisabeth Sandmann Verlag, Munich, 2005) publicouse simultaneamente en 2006 en diversos países europeos como Francia (Flammarión, con prólogo da escritora feminista Laure Adler) ou Reino Unido (Merrell, con prólogo de Karen Joy Fowler). De contido divulgativo, cun formato maior do habitual, concibido como libro ideal para regalar e mirar –aínda que sen chegar a ser libro-objeto nin *coffee-table book* e destinado a un amplo abano de público non especializado recibiu unha excelente acollida. Na súa versión española ten sido reseñado amplamente nos medios e en poucos meses esgotouse a edición, tras ser un dos libros máis obsequiados no pasado Nadal.

O título propón unha afirmación rotunda, sen dúbida atractiva por provocadora e porque suscita a complicidade das lectoras, pero que pode chamar a engano. Non se trata dun ensaio sobre a lectura feminina nin dun libro ilustrado sobre mulleres rebeldes nin dunha historia da arte, aínda que ten parte de todo iso. A pesar de que nunha pequena portada anuncia «Unha historia ilustrada da lectura desde o século XIII ata o século XXI», o con-

RAQUEL BARREIRO PAZ





tido de *As mulleres, que len...* é en realidade moito menos ambicioso e limitábase a comentar e ilustrar determinados aspectos do tema en cuestión. Compoñen o libro un prólogo de Esther Tusquets, un estudo introdutorio no que Stefan Bollmann reseña de xeito sucinto algúns fitos destacábeis e curiosidades da historia da lectura e, o que compón a parte máis extensa, a reprodución de cincuenta e seis obras de arte acompañadas por cadanseu comentario.

Cada unha destas obras retrata unha ou máis mulleres lendo, un tema recorrente na historia da arte durante séculos, cuxo atractivo explica Bollmann deste xeito: «Ler é un acto de illamento amábel. Lendo volvémonos inaccesíbeis dunha maneira discreta. Quizais sexa xustamente iso o que, dende hai tanto tempo, incita os pintores a representar seres lendo, a mostrar eses seres nun estado de profunda intimidade que non está destinado ao mundo exterior». Deste xeito, a persoa que contempla a obra convértese en *voyeur* ou *voyeuse* que subrepticamente invade a intimidade desas mulleres. Elas espertan a nosa curiosidade; preguntámonos quen son, que len e por que, que senten...

As obras comentadas no libro, que datan dende o século XIII ata mediados do XX, organízanse en seis seccións ordenadas cronoloxicamente de máis antiga a máis recente; aos séculos XIX e XX dedícaselles unha especial atención.

«O lugar do Verbo. Lectoras cheas de graza», séculos XIII-XV. O libro, considerado un símbolo relixioso, é un atributo tradicionalmente reservado aos homes. Algunhas pinturas, retablos e miniaturas dos libros de horas representan mulleres cun libro na man: a escena máis repetida é a Anunciación, onde se adoita retratar a Virxe María cun libro de oracións.



Co paso dos séculos comezan a aparecer outros temas e protagonistas.

«Momentos íntimos. Lectoras enfeitizadas», séculos XVI-XVII. En Europa comeza a deslindarse a esfera do privado da esfera do público, a existir a vida íntima. Na pintura do centro e norte de Europa, sobre todo de Holanda (Vermeer, Ter Borch...) abundan as escenas domésticas. A causa da importancia que concede á lectura individual da Biblia, a Reforma luterana vai promover con intensidade a aprendizaxe da lectura dende finais do século XVII. Esténdese o costume da lectura individual en silencio. Nos Países Baixos, onde se imprimía unha cantidade importantísima de libros e unha elevada porcentaxe da poboación sabía ler –incluídas mulleres e clases non privilexiadas–, iníciase a moda de intercambiar cartas como xeito de conversación, de comunicación privada.

«Residencias de pracer. Lectoras seguras de si mesmas», século XVIII. A idea da lectura como fonte de pracer ten a súa orixe nesta época (XVII-XVIII). Considerábase valiosa a lectura útil (transmisora de coñecementos e/ou de valores morais, mentres que se vía con desconfianza a lectura pracenteira. Os libros paseniñamente van deixando de ser un produto de circulación

restrinxida e a lectura de novelas e poesía convértese nun pasatempo de moda entre aquelas persoas que llelo poden permitir. Dende mediados do XVIII abundan as pinturas que representan mulleres a ler na cama, como un novo hábito tipicamente feminino. Algúns artistas representan as consecuencias funestas que pode ter a lectura para as mulleres se estas se renden ás fantasías sensuais que lles produce.

«Horas de éxtase. Lectoras sentimentais» e «A busca de si mesma. Lectoras apaixonadas», século XIX. Mudan as modas literarias e os hábitos de lectura; a lectura pasa a ser dispersa, descontinua, non sistemática nin regulamentada e pode facerse en calquera momento e lugar (deitadas nun sofá, no xardín...), de maneira informal, mesmo en segredo. A literatura fomenta o desenvolvemento da sensibilidade e do autoconecemento e tamén da imaxinación. Faise inevitábel a referencia a Emma Bovary. Os pintores retratan lectoras (algunhas espidas) abstraídas, enfrascadas na súa lectura ou soñadoras que deixan voar o pensamento.

«Pequenas escapadas. Lectoras solitarias», século XX. Aínda que o libro se converteu nun produto de masas a lectura vai perdendo pouco a pouco importancia a favor doutros medios; isto non quere



dicir que as lectoras desaparezan das obras de arte, o tema perdura ata os nosos días. Esta é a única sección do libro na que se inclúen outros soportes que non son pintura (fotografía e debuxo) e tamén a única na que hai obras de artistas mulleres.

O libro propón, pois, un paseo por un museo imaxinario que permite admirar a beleza das obras de arte expostas e tomalas como motivo para comentar diferentes cuestións. Non todas foron creadas por artistas famosos nin son obras mestras; o que teñen en común é que todas retratan mulleres lendo. Moitas delas destacan a existencia dun vínculo especial entre a muller e a súa lectura, ou ben a especial significación que ten que unha muller lea nun determinado contexto.

Cabería obxectar que a selección é moi restrinxida, poderíamos dicir *unidireccional*. Todas as obras elixidas enmárcanse no ámbito da arte occidental, unicamente hai aquí creacións de artistas europeos e norteamericanos, o que supón descartar, por poñer só un exemplo, as delicadísimas estampas xaponesas, estou a pensar en artistas da finura de Hosoda Eishi, ilustrador dun libro dedicado, por certo, ás mulleres poetas. A restrición é

tamén temporal: a obra máis recente data de 1952 (sen contar unha última de 2001, sen comentario, no final do libro, unha especie de colofón pictórico). As obras elixidas son na súa meirande parte pintura, só hai algún debuxo e moi escasas fotografías. Ademais, inclúese soamente arte figurativa, deixando á marxe as correntes artísticas máis importantes do século XX. Porén, como dicíamos ao comezo, non se trata dunha historia da arte, senón sinxelamente dunha antoloxía parcial, unha de entre tantas outras posíbeis. Durante a lectura probabelmente a cada lector ou lectora lle virán á imaxinación moitas outras obras, famosas ou non, de creadores e creadoras que poderían engadirse: Monet, Renoir, Toulouse-Lautrec, Matisse, Lempicka, Picasso, Botero... todos eles retrataron nalgunha ocasión mulleres lendo, algúns reiteradamente.

Das cincuenta e seis obras incluídas só sete son da autoría de mulleres e todas, cunha soa excepción, Julia Margaret Cameron, realizadas no século XX. Unha proporción mínima que, outras consideracións á parte, non fai senón poñer de relevo a dificultade que ao longo de todos os tempos tive-

ron as mulleres para accederen á formación en belas artes, dedicarse á creación artística e acadaren recoñecemento. O museo virtual que é este libro está, pois, só en parte protagonizado polas mulleres.

Semella que segue a ser pertinente a chamada de atención que hai xa case vinte anos lanzou o colectivo Guerrilla Girls nos EE. UU. sobre o escaso número de mulleres artistas nas coleccións de arte moderna dos museos, en contraste coa maioría absoluta de espidos femininos fronte a masculinos. Referímonos ao coñecido cartel «Do women have to be naked to get into the Metropolitan Museum?» (Teñen as mulleres que estar espidas para entraren no Metropolitan Museum?). Tamén aquí abundan as lectoras espidas –o tema da muller absorta na súa lectura e despreocupada pola súa nudez ten perdurado na pintura de todo o século XX, por exemplo en Lempicka ou máis recentemente en Botero–, pero escasean as mulleres artistas a pesar de que elas con frecuencia, debido a diversos condicionantes, tiveron que cingirse na súa obra a temas estritamente domésticos, entre os cales abundan os retratos e non faltan os de mulleres e mulleres a ler.

Botamos a faltar artistas como dúas destacadas pintoras impresionistas, hoxe case esquecidas: a francesa Berthe Morisot e a estadounidense Mary Cassatt, ambas as dúas retrataron mulleres lectoras. Aínda que, como dixemos, o libro non presenta máis que unha selección persoal, subxectiva e non por iso menos válida, incluílas permitiría por unha parte achegarnos ao tema das mulleres vistas polas mulleres e por outra contribuiría a reivindicar dúas boas pintoras ignoradas en moitas das obras de referencia.

Das sete artistas elixidas catro son pintoras: Suzanne Valadon (que foi acróbata e modelo para artistas antes que pintora), Gwen John (tamén modelo), Vanessa Bell (membro do Círculo de Bloomsbury, deseñadora das cubertas dos libros da súa irmá Virginia Woolf, a quen retratou en máis dunha ocasión) e Gabrielle Münter (pintora e deseñadora, discípula e compañeira de Kandinsky e membro de Der Blaue Reiter); dúas son fotógrafas: Julia Margaret Cameron (fotógrafa afeccionada que non comezou ata unha idade tardía, tía avoa de Virginia Woolf) e Eve Arnold; e unha, debuxante, Jessie Marion King.

Sorprende que non se inclúisen máis fotógrafas, cando é un feito destacábel que moitas mulleres se significaron no século XX polo seu excelente traballo neste ámbito, ao que, se cadra, puideron acceder por tratarse dunha arte nova, carente do peso da tradición doutras formas de expresión artística. Pensamos, por exemplo, en Margaret Bourke-White, Tina Modotti ou Lee Miller. Miller, entre moitas outras cousas, foi modelo e amante de Man Ray, amiga de Leonora Carrington, autora dun coñecido retrato de Colette lendo ou escribindo e, xunto con Bourke-White, a única muller que fotografou accións de combate na segunda Gue-

rra Mundial, o que lle supuxo o cárcere por telo feito sen autorización. Lee Miller, ausente do libro como fotógrafa, si aparece retratada como lectora ela mesma.

\* \* \* \* \*

Posto que se trata dun libro que se recrea na beleza, profusamente ilustrado, en certa medida luxoso e protagonizado por obras de arte, sería preferíbel que as imaxes tivesen o maior tamaño posíbel (non merece Vermeer a páxina completa?) e que a información ofrecida sobre as propias obras non fose tan concisa: entendemos imprescindible mencionar como mínimo o título orixinal, medidas, materiais e técnica. Por outra parte sería de agradecer o coitado dos detalles: no texto, que parece escrito cunha certa precipitación, hai descoidos, erratas, incoherencias e imprecisións, algúns nomes mal escritos e erros de tradución, todo o cal podería emendarse cunha simple revisión.

Os comentarios ás obras, aínda que interesantes no seu conxunto, son desiguais en extensión, contido, rigor e profundidade. Nalgúns o autor detense nas circunstancias persoais do artista, noutros en cuestións de sociedade e historia, noutros en temas de arte... pero hai tamén observacións intranscendentes, xeneralizacións, elucubracións e suposicións con escaso fundamento.

Na nosa opinión, nun libro dedicado a este tema non se debería pasar por alto o serodio, escaso e controlado acceso que tiveron as mulleres á información e á cultura. Cómpre lembrarmos, por exemplo, a existencia –con gran vitalidade mesmo hoxe en día– de libros e revistas *femininos* que dirixen ás mulleres cara a determinado tipo de contidos *adequados e convenientes*, que se presupoñen do interese delas. Cómpre non esquecer tamén que historicamente na maioría dos países as cifras de alfabetización e escolarización da poboación feminina teñen sido moi inferiores ás da masculina e en demasiados casos segue a ser así. Non sempre estivo ben visto nin foi unha prioridade que as mulleres fosen á escola, para atopar exemplos diso non temos que ir moi lonxe no tempo nin no espazo.



Pero o certo é que no seu conxunto o libro resulta de grande interese; en primeiro lugar ten o mérito de achegarnos a un tema practicamente descoñecido. A muller lectora é un tema recorrente na historia das artes plásticas que continúa vivo ata a actualidade e por outra banda é un feito que hoxe en día as mulleres len máis cóos homes, pero paradoxalmente é moi pouco o que sabemos acerca da lectura feminina.

Nalgunhas destas pinturas e debuxos o tema da lectura non é senón mera anécdota ou responde a



un estereotipo, a un tónico. Algunhas destas mulleres len cartas de amor, outras textos sagrados, outras poesía; outras, porén, parecen consultar folletos intranscendentes, horarios de tren, carnés de baile ou impresos sen identificar. Non hai nada de perigoso na María Magdalena de Benson nin na aniciá de Rembrandt atenta a un libro sagrado nin na muller que Vermeer pinta lendo unha carta nin na nai con dous fillos de Ebert lendo revistas ilustradas na cama. A muller na habitación de hotel de Hopper máis ben suxire sensación de desamparo. Por outra banda, as protagonistas de *A lectura* de Baudouin e *Muller lendo* de Elinga non son unha fonte de perigo, senón vítimas dos efectos perniciosos da lectura e, a causa diso, obxecto da intención moralizadora e exemplarizante do artista.

Por que e para quen son perigosas as mulleres que len? Erroneamente se adoita asociar a lectura co ámbito do doméstico e a idea de pasividade: un pasatempo inofensivo. Pero a lectura estética ou pracenteira non ten outro fin que o disfrute en si mesmo –algo sospeitoso desde o punto de vista da moral cristiá tradicional–, mentres que a lectura útil ou informativa proporciona coñecementos que poderían axudar as lectoras na elaboración dun pensamento propio,

levalas a tomar decisións por si mesmas e saír do camiño trazado para elas por outros; é dicir: deixar de ser submisas e fáciles de controlar. Por iso é perigosa a lectura, porque a muller, a persoa que le, alimenta a súa subxectividade e sensibilidade e, en definitiva, a súa autonomía.

Para rematar permítome sinalar algunhas preferencias persoais nas obras incluídas neste libro, dúas pinturas e dúas fotografías. As pinturas son: a *Muller xove lendo* (1850) de Franz Eybl, pola delicadeza do retrato e a intensidade da emoción que manifesta esta lectora, e *Soños* (1896) de Vittorio Matteo Corcos (reproducida na sobrecuberta das edicións española e francesa), por esta xove lectora que parece tan independente, sentada sen elegancia algunha (poderíamos dicir que de maneira pouco feminina) nun banco de xardín no que ten amoreados nada menos que tres libros. A primeira das fotografías é *Alice Liddell* (1870) de Julia Margaret Cameron, un dos poucos exemplos neste libro de muller retratada por outra muller; a autora, afeccionada e autodidacta, empeñouse en contra da opinión de moitos profesionais en empregar os seus propios recursos técnicos; a retratada inspirou unha personaxe literaria cuxo creador, Lewis Carroll, foi por certo tamén fotógra-

fo. Por último, as amigas *Lee Miller e Tanja Ramm* (1931) retratadas polo pai da primeira, Theodore Miller, unha escena íntima e chea de alegría que suxire a un tempo familiaridade e erotismo.

En resumo, *As mulleres, que len...* é un libro fermoso e de lectura amena que partindo dun proxecto orixinal suxire preguntas, esperta curiosidades e invita a maiores averiguacións pola nosa conta, a engadirmos ao museo novas salas segundo as nosas preferencias ou intereses: a *Miliciana lendo unha revista* que retratou Robert Capa en 1936 sería unha das miñas aportacións.

Stefan Bollmann é tamén autor doutro libro, que saibamos polo de agora só publicado en alemán: *Frauen, die schreiben, leben gefährlich* (As mulleres que escriben son perigosas), Elisabeth Sandmann Verlag, Munich, 2006, e que agardamos ver pronto traducido a outras linguas.

As adictas ao *perigoso* pracer da lectura que perdemos con facilidade a noción do tempo engaioladas polas páxinas dun libro non podemos menos que sentir complicidade e simpatía por estas mulleres solitarias, abstraídas, pensativas, emocionadas... Se por ler as mulleres somos perigosas, é unha razón de máis para continuar facéndoo. ☞

**Libreria**



**Michelena**

R. Michelena, 22  
Tel: 85 87 46 Pontevedra

libreria  
**couceiro**



R. República de el Salvador, 9  
Tel: 56 58 12 Santiago

**CARTELES**



Café

Rúa do Sol, 139-141  
Tel: 35 31 66 Ferrol

## PUNTOS DE VENDA

### A Coruña

**Librería Couceiro**  
Praza do Libro, 12

**Librería Xiada**  
Avd. de Fisterra, 76-78

**Librería Lume**  
Rúa Fernando Macías

### Pontevedra

**Librería Michelena**  
Rúa Michelena, 22

**Librería Paz.** Peregrina, 29

### Santiago

**Librería Couceiro**  
Rúa do Hórreo, 9

**Librería Pedreira**  
Rúa do Home Santo, 55

**Baba.** Área Central

**El Kiosko.** Praza de Galicia  
**Ártico.** Rúa do Vilar, 49

### Lugo

**Librería Trama**  
Avd. da Coruña, 21 (galerías)

### Ourense

**Livraria Torga**  
Rúa da Paz, 12



Benito Corbal, 16  
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra

PUBLICIDADE

## Servicio de Asesoramento das Mulleres

### ■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

**P**ara a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


**P**ara asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ *Horario de atención ó público*

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Concellería da Muller

PUBLICIDADE



totalmente autodidacta, María Mariño viviu durante máis de vinte anos nas afastadas serras do Courel onde se trasladara a vivir co seu home, mestre de escola. Nos tesos cumes descubriu unha paisaxe redentora que fará que comece a superar unha vida itinerante, a súa orfandade e a morte prematura do seu fillo. Alí coñecerá tamén a man cómplice de Uxío Novoneyra, quen incansabelmente a animará a compoñer e retocar os seus versos.

En 1963 aparece na editorial Celta de Lugo *Palabra no tempo*, único poemario publicado en vida pola escritora. Trátase dun conxunto de setenta composicións nas que a paisaxe e unha particular percepción do paso do tempo deixan traslocir unha ferverza de vivencias persoais intensas e complexas. Practicamente ignorada pola crítica literaria do momento, a

obra permaneceu durante anos no máis absoluto dos silencios literarios.

María Mariño faleceu cando estaba a piques de cumprir os 60 anos, na humilde casa escola de Parada de Moreda. O seu corpo descansa hoxe no cercano cemiterio de Seoane do Courel. Meses antes do seu pasamento rematara *Verba que comenza*, o seu segundo libro, que finalmente sería publicado polo Concello de Noia en 1990. Reune este volume un

# María Mariño Carou

Por terceira vez en corenta e catro anos a figura homenaxeada no día das Letras Galegas será unha muller.

O 2007 será o ano da poeta noiesa María Mariño Carou. Nada en 1907 en humilde berce, esta autora serodia inicia a súa andaina literaria con corenta anos cumpridos. De formación

total de vinte e sete textos, escritos no último ano de vida da autora. A enfermidade e a inminencia da morte apodéranse dos anovadores versos nos que descubrimos como unha linguaxe deformada e rompedora se pon ao servizo dun sentir lírico indubidabelmente persoal.